

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº3/2018, EXTRAORDINARIA (CON CONTIDO DE ORDINARIA), REALIZADA O 08 DE MAIO DE 2018.

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

#### **Concelleiros/as**

##### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### **Grupo municipal do PsdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier (Incorpórase á sesión ás 13:11 horas)  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

##### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato

#### **Secretario do Concello**

Diego García Doval


#### **NON ASISTE**

RAMILO VARELA, Margarita

**HORA DE INICIO:** 13:06

**HORA DE REMATE:** 14:01

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 13:06 horas do 08 de maio de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 03 de marzo de 2018 [segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno (no que se facultou a esta Alcaldía"(...) para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia", e tendo en conta que, o



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

derradeiro xoves do mes de marzo, data fixada para a sesión ordinaria correspondente a tal mes, coincidiu este ano co Xoves Santo ], e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúnense na sesión 3/2018, de carácter extraordinario (mais co contido dunha sesión ordinaria), e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da actas das dúas sesións anteriores ( nº 1 e 2/2018, extraordinarias, do 13 de marzo de 2018).
- 2.-Proposta de aprobación definitiva de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral, previa resolución da alegación presentada en relación á aprobación inicial do expediente .
- 3.-Proposta de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2018, previa resolución das reclamacións presentadas en relación á aprobación inicial do expediente.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación


- 4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 6.-Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

### **1.- APROBACIÓN DA ACTAS DAS DÚAS SESIÓNS ANTERIORES ( Nº 1 E 2/2018, EXTRAORDINARIAS, DO 13 DE MARZO DE 2018).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 1 e 2/2018, extraordinarias, do 13 de marzo de 2018 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Página web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE CARRAL, PREVIA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA EN RELACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE .

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 27 de abril de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA PRESIDENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL

**Asunto: Resolución de alegación e aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.**

Logo de ver que o artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do **Estatuto Básico do Empregado Público establece que "Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos."**

Logo de ver que, pola súa banda, o artigo 126.4 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL en adiante) establece que "Las relaciones de los puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril"

Logo de ver que o devandito artigo 90.2 da Lei 7/1985 establece que " 2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores."


Tendo en conta o establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é polo que se fai preciso a modificación da relación de postos de traballo deste Concello dos dous postos de auxiliares administrativos laborais fixos que aparecen na mesma para a súa conversión en funcionarios de carreira.

Logo de elaborarse, segundo instrucións desta Alcaldía e, en cumprimento das normas citadas, a proposta de modificación da relación destes postos de traballo, de data 20 de febreiro de 2018, coa correspondente valoración deles.

Logo de ver que a devandita proposta foi informada favorablemente pola técnica xurídica do Concello, mediante o seu informe do 22 de febreiro de 2018, e que conta coa fiscalización favorable da Intervención do Concello, mediante informe do 23 de febreiro de 2018.

Logo de ver que a proposta se someteu á reunión da mesa xeral de negociación do Concello realizada o 05 de marzo de 2018, e que na devandita reunión se indicou que esta modificación é sen prexuízo doutras funcionalizacións que poidan proceder, que haberán de axustarse ás posibilidades do Concello en exercicios vindeiros.

O Pleno do Concello (logo da emisión de ditame favorable á proposta pola Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, na súa sesión extraordinaria do 08 de marzo de 2018), na sesión extraordinaria 272018, do 13 de marzo de 2018, aprobou inicialmente a proposta de modificación da



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

relación de postos de traballo do Concello de Carral, expoñéndoas ao público por un prazo de quince días contados dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº54 do 20 de marzo de 2018) e mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello ese mesmo 20 de marzo .

Segundo o informe emitido con data do 17 de abril de 2018 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello durante o devandito prazo de quince días (até o 12 de abril de 2018), durante os cales os/as interesados/as puideron examinar o expediente, se presentaron no rexistro xeral do Concello as seguintes alegacións:

Rexistro de entrada 737, do 12 de abril de 2018- Nuria Aradas Carollo (escrito que conxuntamente actúa coma reclamación ao orzamento xeral do Concello para 2018)

Con data do 18 de abril de 2018, a técnica xurídica do Concello emite informe en relación á devandita alegación, como segue:


**"INFORME QUE EMITE A TÉCNICA XURÍDICA DO CONCELLO SOBRE A ALEGACIÓN PRESENTADA Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CARRAL POR PARTE DE DONA NURIA ARADAS CAROLLO.**

## I. ANTECEDENTES DE FEITO

- relación de postos de traballo do Concello de Carral aprobada definitivamente polo Pleno o 20 de setembro de 2013 e publicada no boletín oficial da provincia da Coruña nº 204 do 25 de outubro de 2013.
- proposta da alcaldía ao pleno do 21 de febreiro de 2018 onde se require a emisión de informe xurídico previo á aprobación inicial polo Pleno da modificación da RPT.
- informe emitido pola técnica xurídica do Concello de Carral o 22 de febreiro de 2018 sobre a modificación puntual da relación de postos de traballo municipal.
- acordo do Concello Pleno do 13 de marzo de 2018, en sesión extraordinaria, de aprobación inicial da modificación da RPT para a conversión en postos de funcionario de carreira de dous postos de traballo de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da Secretaria Xeral, escala de Administración Xeral, subescala de auxiliar administrativo, ao abeiro da disposición transitoria segunda do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- exposición ao público do expediente para a aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, logo da publicación do correspondente anuncio no boletín oficial da provincia nº 54 do 20 de marzo de 2018.
- alegación do 10 de abril de 2018 (RE 737 do 12 de abril de 2018) presentada pola traballadora social dona Nuria Aradas Carollo á aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2018 e á modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral logo da publicación do anuncio de exposición ao público.

## II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora das Administración Local de Galicia.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Decreto Legislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia.
- Real Decreto 8/2010, do 20 de maio, polo que adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.
- Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico da sector público.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado.

### III. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Dona Nuria Aradas Carollo, traballadora social do Concello de Carral coa condición de persoal laboral fixo, presenta escrito de alegacións á modificación da RPT no prazo establecido ao efecto logo de que o pleno municipal adoptase o 13 de marzo de 2018, en sesión extraordinaria, o acordo de aprobación inicial. No mencionado escrito alega:

- 1) a adopción de medidas para evitar a diferenza entre traballadores do cadro de persoal.
- 2) a funcionarización do posto de traballadora social fixo.


A) En contestación a primeira das súas alegacións, debe terse en conta que esta Administración en Concello Pleno do 20 de setembro de 2013 aprobou definitivamente unha relación de postos de traballo onde se recollen os postos do persoal funcionario e do persoal laboral fixo. A modificación que se está realizando actualmente e que se atopa aprobada inicialmente e en fase de exposición ao público só contempla a modificación dos dous postos de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario. Os demais postos quedan fixados nos termos do acordo adoptado no Pleno de setembro de 2013. Por iso, cada posto consta dunha ficha técnica onde se recolle a denominación deste dentro da organización do Concello, os requisitos do mesmo, as funcións e a valoración.

A valoración dos postos acádase asignándolle un valor de puntos a cada un dos parámetros recollidos na mencionada ficha técnica (factores, baremos, grupos, etc) e é segundo esta valoración que se fixan as retribucións brutas dos postos, e nunca dunha maneira aleatoria se non seguindo o procedemento legalmente previsto; nin resultan ser as diferenzas desproporcionadas pois están perfectamente valoradas.

No caso dos demais postos non incluídos na RPT, recóllese no anexo de persoal do orzamento municipal as cantidades reflexo da realidade das súas respectivas nóminas anuais. Unha valoración máis concreta implicaría a súa inclusión na RPT, co fin de asumir dito posto como necesario e imprescindible na organización municipal de maneira definitiva e permanente, así como a súa correspondente ocupación mediante un dos procedementos establecidos na lexislación vixente para provisión de postos de traballo.

B) En contestación a segunda e última das súas alegacións, a xurisprudencia recoñécelle a cada Corporación Local a súa propia potestade autoorganizadora, outorgándolle a facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas sempre dentro dos límites da Constitución e da lexislación. Por iso é a propia Administración quen debe valorar as necesidades da súa organización administrativa.

A relación de postos de traballo é o instrumento técnico a través do cal se realiza esta ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos (artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas da Reforma da Función Pública e art. 74 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da LEBEP).



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Unha relación de postos de traballo é un documento vivo e aberto que debe ir adaptándose á lexislación vixente e a posibles correccións e modificacións. De aí a modificación puntual da RPT para a conversión en postos de funcionarios de carreira de dous postos de traballo de laboral fixo.

No caso da alegante, dona Nuria Aradas Carollo, persoal laboral fixo dende o ano 1995, a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público contempla a posibilidade de que "El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos. Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición."

Así mesmo, ao abeiro do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local e o artigo 92 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local introducido, na súa actual redacción, dada polo número vinte e catro do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local pódense encadrar as funcións do seu posto como propias de persoal funcionario.

Por iso, o posto de traballadora social coa condición de laboral fixo ocupado por dona Nuria Aradas Carollo pode seguir sendo desempeñado por persoal laboral fixo pois a traballadora tiña esta condición na data da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público mais non existe impedimento legal algún para que se poida modificar e converter nun posto de funcionario de carreira pois queda acreditado que poden entenderse as funcións que desempeña como funcións propias dun funcionario de carreira polo que debería terse en conta a inclusión na RPT deste posto como un posto de funcionario de carreira.

Destacar así mesmo que na última reunión da mesa de negociación do cinco de marzo de dous mil dezoito se deixou constancia da necesidade de continuar con posibles inclusións na RPT de postos de funcionarios por conversión de laborais fixos ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

E iso sen prexuízo da preceptiva fiscalización municipal previa e do pertinente expediente administrativo en canto á tramitación do mesmo.

## IV. CONCLUSIÓN

En base a todo o anterior, emítase o seguinte informe en contestación as alegacións presentadas por dona Nuria Aradas Carollo, traballadora social deste Concello coa condición de persoal laboral fixo, á modificación da relación de postos de traballo que se aprobou inicialmente na sesión extraordinaria do Concello Pleno do 13 de marzo de 2018 nos termos que se fixan nas letras A) e B) dos fundamentos de dereito deste documento.


O que se informa aos efectos oportunos para a súa elevación ao pleno do Concello e sen prexuízo de que sexa sometido a calquera outro fundamento en dereito."

Por outra banda, con data do 26 de abril de 2018, a interventora do Concello emite informe como segue:

### "INFORME DE INTERVENCIÓN

**Asunto.-Alegación á aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral para a súa aprobación definitiva ante o Pleno da Corporación.**

Aprobada inicialmente, por acordo do Concello Pleno do 13 de marzo de 2018, en sesión extraordinaria, a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral, para a conversión en postos de funcionario de carreira de dous postos de traballo de laboral fixo adscritos á



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

area/servizo/unidade da Secretaría Xeral, escala de Administración Xeral, subescala de auxiliar administrativo, ao abeiro da disposición transitoria segunda do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e publicada, no Boletín Oficial da Provincia nº 50, de 20 de marzo de 2018 e no taboleiro de anuncios do Concello de Carral, a exposición pública, a efectos de alegacións, da aprobación inicial da modificación da RPT por un prazo de quince días hábiles, comprendidos entre o 21 de marzo e o 13 de abril, ambos incluídos, presentáronse en prazo as seguintes reclamacións o mesmo:

1ª) alegación do 10 de abril de 2018 (RE 737 do 12 de abril de 2018) presentada pola traballadora social dona Nuria Aradas Carollo coa condición de persoal laboral fixo, á modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral logo da publicación do anuncio de exposición ao público, polo seguintes motivos:

- 1) a adopción de medidas para evitar a diferenza entre traballadores do cadro de persoal.
- 2) a funcionarización do posto de traballadora social fixo.

Analizadas as alegacións presentadas, esta Intervención Municipal, ten a bern emitir o seguinte INFORME:


**PRIMEIRO:** En relación ao tema da equiparación salarial dos distintos postos de traballo incluídos na RPT e os incluídos no catálogo de persoal do Orzamento, hai que sinalar que a Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello do 20 de setembro de 2013, recolle exclusivamente os postos do persoal funcionario e do persoal laboral fixo. En tal senso, a modificación que se está realizando actualmente e que se atopa aprobada inicialmente e en fase de exposición ao público só contempla a modificación dos dous postos de laboral fixo adscritos á area/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario. Os demais postos quedan fixados nos termos do acordo adoptado no Pleno de setembro de 2013.

Para a valoración de cada un destes postos de traballo recollidos na RPT, procedeuse, no seu momento, á valoración dos mesmos a través dunha ficha técnica onde se recollen a denominación de cada un deles dentro da organización do Concello, os requisitos do mesmo, as funcións e a valoración e, asignándolle un valor de puntos a cada un dos parámetros recollidos na mencionada ficha técnica (factores, baremos, grupos, etc). E é, segundo esta valoración, que se fixan as retribucións brutas dos postos, e nunca dunha maneira aleatoria se non seguindo o procedemento legalmente previsto, considerándose estes postos de traballo perfectamente valorados.

No caso dos demais postos non incluídos na RPT, os correspondentes aos traballadores laborais temporais do Concello, recóllese no anexo de persoal do orzamento municipal as cantidades reflexo da realidade das súas respectivas nóminas anuais. Unha valoración máis concreta implicaría a súa inclusión na RPT, co fin de asumir dito posto como necesario e imprescindible na organización municipal de maneira definitiva e permanente, así como a súa correspondente ocupación mediante un dos procedementos establecidos na lexislación vixente para provisión de postos de traballo.

**SEGUNDO.**-En relación á funcionarización dos dous postos de laboral fixo adscritos á area/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario e que non se funcionaricen outros postos de laboral fixo incluídos na RPT, é importante destacar que a xurisprudencia recoñécelle a cada Corporación Local a súa propia potestade autoorganizadora, outorgándolle a facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas sempre dentro dos límites da Constitución e da lexislación..

A relación de postos de traballo é o instrumento técnico a través do cal se realiza esta ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e, ademais é un documento vivo e aberto que debe ir adaptándose á lexislación vixente e a posibles correccións e modificacións.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Hai que sinalar que a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público contempla a posibilidade de que "El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos. Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición.". De aí a modificación puntual da RPT para a conversión en postos de funcionarios de carreira de dous postos de traballo de laboral fijo.

O posto de traballadora social coa condición de laboral fijo ocupado por dona Nuria Aradas Carollo pode seguir sendo desempeñado por persoal laboral fijo pois a traballadora tiña esta condición na data da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público mais non existe impedimento legal algún para que se poida modificar e converter nun posto de funcionario de carreira pois queda acreditado conforme ao artigo 22 da Lei de Función Pública Galega, que poden entenderse as funcións que desempeña como funcións propias dun funcionario de carreira polo que debería terse en conta a inclusión na RPT deste posto como un posto de funcionario de carreira.

Destacar así mesmo que na última reunión da mesa de negociación do 5 de marzo de 2018, se deixou constancia da necesidade de continuar con posibles inclusións na RPT de postos de funcionarios por conversión de laborais fixos ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O que se informa aos efectos oportunos para a súa elevación ao pleno do Concello e sen prexuízo de que sexa sometido a calquera outro fundamento en dereito."

En vista do establecido no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previo o preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

## PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

### 1.- Desestimar a seguinte alegación presentada por:


Nuria Aradas Carollo (existro de entrada 737, do 12 de abril de 2018), con base no seguinte:

En canto á primeira das súas alegacións, debe terse en conta que esta Administración en Concello Pleno do 20 de setembro de 2013 aprobou definitivamente unha relación de postos de traballo onde se recollen os postos do persoal funcionario e do persoal laboral fijo. A modificación que se está realizando actualmente e que se atopa aprobada inicialmente e en fase de exposición ao público só contempla a modificación dos dous postos de laboral fijo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario. Os demais postos quedan fixados nos termos do acordo adoptado no Pleno de setembro de 2013.

Por iso, cada posto consta dunha ficha técnica onde se recolle a denominación deste dentro da organización do Concello, os requisitos do mesmo, as funcións e a valoración.

A valoración dos postos acádase asignándolle un valor de puntos a cada un dos parámetros recollidos na mencionada ficha técnica (factores, baremos, grupos, etc) e é segundo esta valoración que se fixan as retribucións brutas dos postos, e nunca dunha maneira aleatoria se non seguindo o procedemento legalmente previsto; nin resultan ser as diferenzas desproporcionadas pois están perfectamente valoradas.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

No caso dos demais postos non incluídos na RPT, recóllese no anexo de persoal do orzamento municipal as cantidades reflexo da realidade das súas respectivas nóminas anuais. Unha valoración máis concreta implicaría a súa inclusión na RPT, co fin de asumir dito posto como necesario e imprescindible na organización municipal de maneira definitiva e permanente, así como a súa correspondente ocupación mediante un dos procedementos establecidos na lexislación vixente para provisión de postos de traballo.

En canto á segunda e última das súas alegacións, a xurisprudencia recoñécelle a cada Corporación Local a súa propia potestade autoorganizadora, outorgándolle a facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas sempre dentro dos límites da Constitución e da lexislación. Por iso é a propia Administración quen debe valorar as necesidades da súa organización administrativa.

A relación de postos de traballo é o instrumento técnico a través do cal se realiza esta ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos (artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas da Reforma da Función Pública e art. 74 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da LEBEP).


Unha relación de postos de traballo é un documento vivo e aberto que debe ir adaptándose á lexislación vixente e a posibles correccións e modificacións. De aí a modificación puntual da RPT para a conversión en postos de funcionarios de carreira de dous postos de traballo de laboral fixo.

No caso da alegante, dona Nuria Aradas Carollo, persoal laboral fixo dende o ano 1995, a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público contempla a posibilidade de que "El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos. Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición."

Así mesmo, ao abeiro do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local e o artigo 92 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local introducido, na súa actual redacción, dada polo número vinte e catro do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local pódense encadrar as funcións do seu posto como propias de persoal funcionario.

Por iso, o posto de traballadora social coa condición de laboral fixo ocupado por dona Nuria Aradas Carollo pode seguir sendo desempeñado por persoal laboral fixo pois a traballadora tiña esta condición na data da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público mais non existe impedimento legal algún para que se poida modificar e converter nun posto de funcionario de carreira pois queda acreditado que poden entenderse as funcións que desempeña como funcións propias dun funcionario de carreira polo que debería terse en conta a inclusión na RPT deste posto como un posto de funcionario de carreira.

Porén, como se indicou na última reunión da mesa de negociación do cinco de marzo de dous mil dezoito, a continuación de posibles inclusións na RPT de postos de funcionarios por conversión de laborais fixos ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, deberá axustarse ás posibilidades do Concello, correspondendo á súa potestade de autoorganización a determinación dos postos cuxa funcionarización é máis urxente, tendo en conta as funcións que desempeñan, e as posibilidades do Concello, en canto a medios de todo tipo, para executar os devanditos procesos de funcionarización.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2.- Aprobado definitivamente a modificación proposta da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral, respecto aos postos de traballo de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en postos de funcionarios de carreira ao abeiro da disposición transitoria segunda do TREBEP.

3.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a modificación da relación de postos de traballo e remitir unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días."

No expediente consta, asemade, o preceptivo informe da Secretaría do Concello nº 7/2018, do 27 de abril de 2018.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 3/2018, extraordinaria, do 03 de maio de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e con catro abstencións dos/as tres señores/as concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) explica que, se ben na sesión do Pleno na que se realizou a aprobación inicial da modificación anunciou que estaba a favor dela, adianta que agora se vai abster, non por estar en contra, senón porque non tivo tempo para falar coa traballadora que alegou, polo que non sabe se a súa alegación está ben ou mal.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo tampouco tivo oportunidade de falar con ela, mais que pretenden a maior estabilidade posible dos traballadores municipais e realizar todas as funcionarizacións que procedan segundo a normativa aplicable.

O señor Alcalde explica que a alegante é persoal laboral fixo (e que, por tanto, podería cumprir os requisitos para a seguinte modificación da RPT), mais que hai outro persoal laboral en semellantes condicións, mais non fixo, e que se vai tratar da súa situación cos representantes sindicais, que xa solicitaron reunións ao efecto.

O señor Bergondo solicita que se convide aos distintos grupos municipais para poder asistir en coma oíntes sen voto ás seguintes mesas de negociación. Por outra banda, opina que a cuestión da alegante debería terse falado alí.


O señor Alcalde indica que, pola súa banda, non hai problema, e que o haberá de ter en conta o Secretario para as seguintes convocatorias (ao que o Secretario do Concello indica que, en calquera caso, haberá que estudar o encaixe da proposta na normativa vixente).

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor (dos/as seis señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión) e coa abstención dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

1.- Desestimar a seguinte alegación presentada por:

Nuria Aradas Carollo (existiro de entrada 737, do 12 de abril de 2018), con base no seguinte:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

En canto á primeira das súas alegacións, debe terse en conta que esta Administración en Concello Pleno do 20 de setembro de 2013 aprobou definitivamente unha relación de postos de traballo onde se recollen os postos do persoal funcionario e do persoal laboral fixo. A modificación que se está realizando actualmente e que se atopa aprobada inicialmente e en fase de exposición ao público só contempla a modificación dos dous postos de laboral fixo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en persoal funcionario. Os demais postos quedan fixados nos termos do acordo adoptado no Pleno de setembro de 2013.

Por iso, cada posto consta dunha ficha técnica onde se recolle a denominación deste dentro da organización do Concello, os requisitos do mesmo, as funcións e a valoración.

A valoración dos postos acádase asignándolle un valor de puntos a cada un dos parámetros recollidos na mencionada ficha técnica (factores, baremos, grupos, etc) e é segundo esta valoración que se fixan as retribucións brutas dos postos, e nunca dunha maneira aleatoria se non seguindo o procedemento legalmente previsto; nin resultan ser as diferenzas desproporcionadas pois están perfectamente valoradas.


No caso dos demais postos non incluídos na RPT, recóllese no anexo de persoal do orzamento municipal as cantidades reflexo da realidade das súas respectivas nóminas anuais. Unha valoración máis concreta implicaría a súa inclusión na RPT, co fin de asumir dito posto como necesario e imprescindible na organización municipal de maneira definitiva e permanente, así como a súa correspondente ocupación mediante un dos procedementos establecidos na lexislación vixente para provisión de postos de traballo.

En canto á segunda e última das súas alegacións, a xurisprudencia recoñécelle a cada Corporación Local a súa propia potestade autoorganizadora, outorgándolle a facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas sempre dentro dos límites da Constitución e da lexislación. Por iso é a propia Administración quen debe valorar as necesidades da súa organización administrativa.

A relación de postos de traballo é o instrumento técnico a través do cal se realiza esta ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos (artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas da Reforma da Función Pública e art. 74 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da LEBEP).

Unha relación de postos de traballo é un documento vivo e aberto que debe ir adaptándose á lexislación vixente e a posibles correccións e modificacións. De aí a modificación puntual da RPT para a conversión en postos de funcionarios de carreira de dous postos de traballo de laboral fixo.

No caso da alegante, dona Nuria Aradas Carollo, persoal laboral fixo dende o ano 1995, a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público contempla a posibilidade de que "El personal laboral fijo que a la entrada en vigor de la Ley 7/2007, de 12 de abril, estuviere desempeñando funciones de personal funcionario, o pasare a desempeñarlos en virtud de pruebas de selección o promoción convocadas antes de dicha fecha, podrá seguir desempeñándolos. Asimismo, podrá participar en los procesos selectivos de promoción interna convocados por el sistema de concurso-oposición, de forma independiente o conjunta con los procesos selectivos de libre concurrencia, en aquellos Cuerpos y Escalas a los que figuren adscritos las funciones o los puestos que desempeñe, siempre que posea la titulación necesaria y reúna los restantes requisitos exigidos, valorándose a estos efectos como mérito los servicios efectivos



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

prestados como personal laboral fijo y las pruebas selectivas superadas para acceder a esta condición."

Así mesmo, ao abeiro do artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local e o artigo 92 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local introducido, na súa actual redacción, dada polo número vinte e catro do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local pódense encadrar as funcións do seu posto como propias de persoal funcionario.

Por iso, o posto de traballadora social coa condición de laboral fijo ocupado por dona Nuria Aradas Carollo pode seguir sendo desempeñado por persoal laboral fijo pois a traballadora tiña esta condición na data da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público mais non existe impedimento legal algún para que se poida modificar e converter nun posto de funcionario de carreira pois queda acreditado que poden entenderse as funcións que desempeña como funcións propias dun funcionario de carreira polo que debería terse en conta a inclusión na RPT deste posto como un posto de funcionario de carreira.

Porén, como se indicou na última reunión da mesa de negociación do cinco de marzo de dous mil dezoito, a continuación de posibles inclusións na RPT de postos de funcionarios por conversión de laborais fixos ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, deberá axustarse ás posibilidades do Concello, correspondendo á súa potestade de autoorganización a determinación dos postos cuxa funcionarización é máis urxente, tendo en conta as funcións que desempeñan, e as posibilidades do Concello, en canto a medios de todo tipo, para executar os devanditos procesos de funcionarización.

**2.-** Aprobar definitivamente a modificación proposta da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral, respecto aos postos de traballo de laboral fijo adscritos á área/servizo/unidade da secretaría xeral, escala de Administración xeral, subescala de auxiliar, para a súa conversión en postos de funcionarios de carreira ao abeiro da disposición transitoria segunda do TREBEP.


**3.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a modificación da relación de postos de traballo e remitir unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días.

[O señor Cetina Mochales incorpórase á sesión ás 13:11 horas]

**3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2018, PREVIA RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS EN RELACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE.**

## EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 27 de abril de 2017, como segue:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2018, previa resolución das reclamacións presentadas en relación á súa aprobación inicial.**

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2018, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de **5.220.960,29 euros**, e unha previsión total de ingresos por importe de **5.220.960,29 euros**.

Logo de ver o informe económico-financieiro emitido o 20 de febreiro de 2018 por esta Alcaldía en relación a tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, do 22 de febreiro de 2018, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e do 23 de febreiro de 2018 sobre a globalidade do proxecto de orzamento.

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento á mesa de negociación realizada o 05 de marzo de 2018.

O Pleno do Concello (logo da emisión de ditame favorable á proposta pola Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, na súa sesión extraordinaria do 08 de marzo de 2018), na sesión extraordinaria 2/2018, do 13 de marzo de 2018, aprobou inicialmente a proposta de orzamento xeral do Concello de Carral para 2018, expoñéndoa ao público por un prazo de quince días contados dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº54 do 20 de marzo de 2018) e mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello ese mesmo 20 de marzo.

Segundo o informe emitido con data do 17 de abril de 2018 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello durante o devandito prazo de quince días (até o 12 de abril de 2018), durante os cales os/as interesados/as puideron examinar o expediente, se presentaron no rexistro xeral do Concello as seguintes reclamacións:

Rexistro de entrada 716, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)

Rexistro de entrada 717, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)


Rexistro de entrada 718, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)

Rexistro de entrada 730, do 12 de abril de 2018-Ana Isabel Forján Villar, María Dolores Fernández Vázquez e María Belén Bello Edreira

**Rexistro de entrada 734, do 12 de abril de 2018- María del Carmen García Fernández, Jesús Campelo Vázquez e Manuel Ares Barbeito**

Rexistro de entrada 737, do 12 de abril de 2018-Nuria Aradas Carollo

Con data do 26 de abril de 2018, a señora Interventora do Concello, emite informe no que analiza as reclamacións presentadas e conclúe que "(...) En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**argumentos expostos, procedería a desestimación de tódolas reclamacións presentadas por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL”.**

Á vista do indicado, e do preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

## PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

1.- Proceder á desestimación das reclamacións presentadas por non atopárense dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2018, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación

**Queda** tamén aprobado definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publica no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, e remitírase unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL “Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción.””.

As reclamacións efectuadas en relación á aprobación inicial do orzamento foron as seguintes:

**Rexistro de entrada 716, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE)**

**“GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL**

**ALEGACIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CARRAL PARA O 2018**

O concelleiro voceiro do grupo socialista municipal, Pablo Couto López, con NIF 76366695W e con domicilio en r/ Reboredo, 18 15175 Carral,


**EXPÓN:**

Logo de adoptar o Pleno, na súa sesión extraordinaria realizada o 13 de marzo de 2018, o acordo de aprobación inicial do expediente do orzamento xeral do Concello de Carral para 2018, en cumprimento do establecido no artigo 169.1) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adelante), expñse ao público polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL.

En concreto no punto b, do citado artigo indícase:

“Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.”

Sabendo que o voto do grupo socialista foi en contra da aprobación deste orzamentos e unha vez revisado, entendemos que debemos alegar en contra da partida:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1532 619.00 Ampliación ponte Río Brexa (POS + COMPLEMENTARIO) dotada con 69.945,91 €, é que tería por obxecto a nova construción dunha ponte sobre o Río Brexa na estrada de titularidade municipal que conecta Cañas con Sergude.

Esta estrutura, absolutamente necesaria, xa que actualmente estamos vendo como o fluxo da auga está a socavar os amrxes das tubaxes polas que actualmente é encauzado o río coa conseguinte diminución do ancho da estrada, do que deriva un importante perigo para o tráfico.

A construción desta nova ponte é a solución ideal e lóxica para rematar con este perigo, pero a nosa absoluta sorpresa é cando comprobamos que dendo o Concello se proxecta e aproba unha ponte que incumpre varias normas e leis e sobre todo vai contra a lóxica e o sentido común polo seu escaso ancho, tanto da calzada, como das aceras.

A ponte proxectada e aprobada polo PP en solitario, seguindo as ordes do Sr. Mouriño ten un acho de calzada de 5 m para os dous carrís, é dicir, 2,5 m por sentido, e dúas beirarrúas de 1 m de ancho cada unha. Na foto,plano extraído do proxecto.

Estas medidas deixan hipotecada a futura ampliación da estrada que une Sergude con Cañas, que actualmente está experimentando un importante incremento de tráfico, xa que moitos veciños e veciñas da zona este do Concello aforran tempo e distancia utilizando esta vía, ademais dende a diputación xa se aprobaron inversións para a mellora do tramo anterior que está baixo a súa titularidade.

O ancho dos carrís proxectados polo Concello de Carral é de 2,5 m por sentido, esto fai que non se crucen dous coches, hipoteca unha posible ampliación da vía e vai en cotnra da normativa actual en vigor, en concreto a **Norma 3.1-IC Trazado, de la Instrucción de Carreteras, aprobada pola Orden FOM/273/2016, de 19 de febrero**, nela se indica que o ancho, fronte aos 1,80 m de ancho mínimo que pide a Lei Galega. Vendo todo o anterior, e para evitar que o Concello de Carral coloque un punto negro, un estreitamento na calzada; para evitar que posibles ampliación desta estrada queden comprometidas por pontes estreitas e sabendo que incumple unha norma e unha lei, e sabendo que será motivo de alegación aos orzamentos a omisión do crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, según recolle o artigo 170.2 TRLRFL,

## SOLICITAMOS:

Se incremente o importe destinado á partida: **1532 619.00 Ampliación ponte Río Brexa (POS + COMPLEMENTARIO)** co importe necesario para incumprir a normativa e lexislación existente, para elo deberase modificar o preoxecto existente para chegar a unha plataforma que cumpra coas medidas legais, isto é: dous carrís de 3,50 m cada un, e arcén de 0,5 m por sentido; xunto con beirarrúas de 2 m por ambas marxen, o que fan un ancho total da plataforma de 12 m, fronte os setes aprobados polo PP en solitario.

En Carral, a 10 de abril de 2018


Asdo. Pablo Couto López  
Voceiro grupo municipal socialista".

**Rexistro de entrada 717, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)**

**"GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL**

**ALEGACIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CARRAL PARA O 2018**

O concelleiro voceiro do grupo socialista municipal, Pablo Couto López, con NIF 76366695W e con domicilio en r/ Reboredo, 18 15175 Carral,



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## EXPÓN:

Logo de adoptar o Pleno, na súa sesión extraordinaria realizada o 13 de marzo de 2018, o acordo de aprobación inicial do exoediente do orzamento xeral do Concello de Carral para 2018, en cumprimento do establecido no artigo 169.1) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en diante), expñse ao público polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL.

En concreto no punto b, do citado artigo indícase:

"Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo."

Sabendo que o voto do grupo socialista foi en contra da aprobación deste orzamentos e unha vez revisado, entendemos que debemos alegar en contra da partida:

**1532 619.00 Pavementación e formación de beirarrúas (Río Merla, ...en Paleo, Carral) (POS+2018) dotada con 198.304,46 €**, é que tería por obxecto a pavimentación das rúas Méndez Búa eso sí, sin contemplar o nevesario fresado previo e beirarrúas de 90 cm de ancho na rúa Río Merla, ademáis sen adaptarse ás alineacións marcadas tanto nas Normas Subsidiarias como no Plan Xeral aprobado inicialmente.

A non adaptación destas novas aceras que se pretenden crear ao planeamento municipal non ten sentido, xa que no momento no que se produza o desenrolo destes solos, esta obra, pagada polo Concello, pagada con cartos públicos, é dicir pagada por todos será demolida, xa que como dixemos non se adaptan ao planeamento, nin vello (normas subsidiarias), nin novo (PXOM). Para mais, o executar estes elementos lles correspondería aos promotores que desenrolen este solo, non ó Concello. Outra vez, parece ser que pagamos todos o que lle toca pagar ao que fai negocio.

Pero tampouco cumpre coa Lei de accesibilidade de Galicia, esto é debido o escaso ancho da aceras proxectadas na rúa Río da Melra,, as cales contan tan só con noventa centímetros de ancho, fronte aos 1,80 m de ancho mínimo que pide a Lei Galega, polo tanto incumpe a lei.

Vendo todo o anterior, e para evitar que o Concello de Carral gaste os nosos cartos en obras que lles corresponde a outros e que encima poderían ser demolidas no futuro, xa que non se adaptan as alineacións recollidas nas NNSS e no PXOM; así como evitar ques e fagan unhas aceras de só noventa centímetros de ancho (non cumpren a Lei de accesibilidade), e que ao par de ilegais son un perigo para os viandantes, especialmente cativos e xente maior, e sabendo que será motivo de alegacións aos orzamentos a omisión do crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, según recolle o artigo 170.2 TRLRFL,


## SOLICITAMOS:

Se modifique o proxecto e se dote do crédito necesario a partida: **1532 619.00 Pavementación e formación de beirarrúas (Río da Melra, ...Paleo, Carral) (POS + 2018)** para que recolla a adaptación das alineacións do proxecto ao planeamento naquelas zonas que lles corresponda ao Concello de Carral, e as beirarrúas se lles de un ancho legal de 2m, e se contemple o afirmado cun fresado previo ao aglomerado para evitar o afundimento de aceras e entradas.

En Carral, a 10 de abril de 2018

Asdo. Pablo Couto López  
Voceiro grupo municipal socialista"





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## Rexistro de entrada 718, do 10 de abril de 2018-Pablo Couto López (voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE)

### "GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CARRAL

### ALEGACIÓN AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CARRAL PARA O 2018

O concelleiro voceiro do grupo socialista municipal, Pablo Couto López, con NIF 76366695W e con domicilio en r/ Reboredo, 18 15175 Carral,

#### EXPÓN:

Logo de adoptar o Pleno, na súa sesión extraordinaria realizada o 13 de marzo de 2018, o acordo de aprobación inicial do exoediente do orzamento xeral do Concello de Carral para 2018, en cumprimento do establecido no artigo 169.1) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), expñse ao público polo prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 TRLRFL.

En concreto no punto b, do citado artigo indícase:

"Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo."

Sabendo que o voto do grupo socialista foi en contra da aprobación deste orzamentos e unha vez revisado, entendemos que debemos alegar en contra da partida:


**231 48002 Emergencia social a cal ten unha dotación de 5000€ nos orzamentos do 2018**, aprobados inicialmente cos únicos votos do grupo popular.

Esta entidade é inferior á necesaria para cubrir as necesidades do Concello de Carral, esta completase, segundo se nos indicou en plenos anteriores con axudas de entidades privadas. Polo tanto, vendo o anterior é claro que a partida non é suficiente, senon non sería necesario apoiarse nas axudas de entidades privadas, que como todos sabemos, non temos garantías ningunhas de seguila recibindo, xa que está a discreción destas entidades privadas.

Para mais, segundo poidemos averiguar os servizos sociais do Concello vense na obriga de "estirar" esta partida para atender a demanda dos veciños e veciñas en situación de necesidade que habitan no noso Concello.

Os feitos continúan quietando a razón á escasa cantidade presupostada porlo Sr. Mouriño, xa que organizacións non gubernamentais como Caritas (a única no noso Concello que rerealiza este tipo de axudas) realiza un forte esforzo para servir comida, e axudar a pagar alugueres, pagos de servizos, etc aos veciños e veciñas que se encontran nunha situación complexa economicamente, cousa que non sucedería se o ofertado dende o Concello fora suficiente.

Esta polo tanto demostrado, vendo o anterior, que a cantidade orzamentada non é suficiente para o fin ao que se destina, e para evitar que ningún dos nosos cidadáns queden sen a axuda que lles corresponde en caso de necesidade e en virtude do indicado no artigo 170.2 TRLRFL.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## SOLICITAMOS:

Se incremente o importe destinado á partida **231 48002 Emergencia social** ata chegar aos 25.000 €, e desta forma garantir a prestación da axuda do fondo de emerxencia social a calquer cidadán do noso Concello que o necesite sen depender das axudas de entidades privadas, qe virán ou non.

En Carral, a 10 de abril de 2018

Asdo. Pablo Couto López  
Voceiro grupo municipal socialista"

## Rexistro de entrada 730, do 12 de abril de 2018-Ana Isabel Forján Villar, María Dolores Fernández Vázquez e María Belén Bello Edreira

### "AYUNTAMIENTO DE CARRAL-ALCALDÍA

Ana Isabel Forján Villar con DNI 33281517B, Mª Dolores Fernández Vázquez CON DNI 33331624R y Mª Belén Bello Edreira con DNI 32841445K, trabajadoras de este Ayuntamiento,

### EXPONE

Que habiando tenido conocimiento de la aprobación inicial de los presupuestos del Ayuntamiento de Carral para el año 2018, venimos a presentar las siguientes

### ALEGACIONES

**PRIMERA.** En el anexo de personal del Presupuesto se constata que existen diferencias salariales, en algunos casos considerables, entre el distinto personal laboral correspondiente a mismo grupo profesional, grupo B. Incluso en relación a este personal, con respecto a otro grupo profesional inferior, grupo C; percibiendo más salario algún personal de este grupo C, que el personal del grupo superior B.


Esto supone una clara vulneración del principio de igualdad, ante supuestos de trabajo del mismo grupo (o incluso con respecto a otros de un grupo inferior que perciben retribuciones superiores), para los que se exige la misma titulación necesaria, tanto para el acceso como para el desempeño de las funciones inherentes al mismo.

Por otra parte, cabe destacar que en los puestos de trabajo de categoría superior, Grupo A, se ha logrado la equiparación salarial entre los tres de los uestos de dicha categoría; percibiendo los mismos más el doble del salario que cualquier personal del grupo inmediatamente inferior (Grupo B).

**SEGUNDA.** En dicho anexo de personal también se puede comprobar, que existe una gran diferencia salarial entre el personal auxiliar administrativo funcionario, con respecto al personal auxiliar administrativo laboral "temporal" (indefinido); este hecho produce un grave perjuicio y discriminación a los salarios inferiores, demostrando que en ningún caso se busca la equiparación salarial.

Además, la funcionarización de dos auxiliares administrativas laborales fijas, con sus respectivos aumentos de sueldo, supone otra clara discriminación añadida a la evidente congelación continuada del sueldo de los puestos de trabajo de auxiliar administrativo laboral.

Por todo ello,



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**SOLICITAMOS** que teniendo por presentado este escrito y por hechas las manifestaciones en el mismo contenidas, se realicen las modificaciones oportunas en el Presupuesto.

En Carral, a 6 de abril de 2018".

## Rexistro de entrada 734, do 12 de abril de 2018- María del Carmen García Fernández, Jesús Campelo Vázquez e Manuel Ares Barbeito

"Sección sindical Concello de Carral

**A/A do Sr. Alcalde**

**ASUNTO:** Alegaciones á aprobación inicial dos Orzamentos Municipais para o ano 2018

Dona María del Carmen García Fernández, Don Jesús Campelo Vázquez e Don Manuel Ares Barbeito, Representantes Sindicais dos Traballadores Laborais do Concello de Carral. Queremos presentar alegacións á aprobación inicial do Orzamento Municipal do ano 2018.

### **ALEGACIONES**

1.- Fai uns anos, os funcionarios do grupo A, tiveron unhas subidas salariais desproporcionadas con respecto ás subidas salariais que tivo o resto do persoal municipal, eso fai que calquer funcionario do grupo A vaia cobrar (según o anexo do persoal) 51.000 €/anuais, e un grupo B de laborais vaia ganar 24.000 €, a excepción de unha compañeir que ronda os 31.000 € ou do arquitecto que figura con 40.000 €.

Esto fai que nos parezca outro novo desprezo hacia todo o persoal laboral, xa que levamos anos pedindo que se nos actualicen os salarios, sin que se teña feito nada ao respecto, alegando falta de cartos par poder facer as equiparacións entre grupos, sen embargo unha das últimas incorporacións, o arquitecto, conleva que xa gañe 16.000 € mais que compañeir@s que levan no Concello varios anos, sendo da mesma categoría.

Como Representación Sindical, do Persoal Laboral, solicitamos que se inclúan nos Orzamentos, as cantidades necesarias para proceder á homologación e equiparación entre persoal laboral e persoal funcionario da mesma categoría, ou polo menos, reducir nun espazo determinado de tempo, estas diferenzas.

2.- Con respecto á funcionarización de dúas compañeiras, estamos totalmente de acordo pero discrepamos en dúas cousas:


A nos sempre se nos dan as cousas feitas, eso quere decir, que nos non estamos aquí de adorno, nos estamos para negociar as condicións de traballo de traballo de tod@s@s compañeir@s, si se quere funcioanrizar, cantas, en que condicións, prazos, etc. e non ser meros observadores do que vostedes queren facer.

Nos sempre pedimos equiparacións salariais, por grupos, e non que cada persoa negocie de forma individual as súas retribucións, sempre pedimos que a igual traballo igual retribución, (como se fixo no grupo A dos funcioanrios).

Con esta funcionarización, tal e como a plantexan vostedes, vaha haber un grupo de funcionarias con salario de 23.500 €, as novas funcionarias con un salario de 20.500 €, e as laborais, quedarán discriminadas unha vez máis con un salario de 17.500 €

Con este incremento, propoñemos que se intente facer unha RPT, na que se vaian equiparando os salarios, e non volver a facer outra discriminación mais, xa que hai tal pupurri que as veces é incomprendible que un grupo C, gañe máis que un grupo B, ou que un grupo E gañe mais que un grupo C.

Pedimos que de unha vez por todas, empezamos a facer as cousas ben e con sentidiño.....



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

3.- Como Representación Sindical, creemos que é convinte facer unha promoción interna, xa que a maioría dos traballador@s, non se moveron da súa categoría profesioanl dende que entraron a traballar neste Concello.

Por eso, creemos que se deberían incluír partidas presupuestarias para modificar esta estrutura, facilitando que se promocióne, xa que cada vez o persoal Municipal, vai sendo maior e sempre estivo estancado no mesmo posto de traballo.

4.- Con respecto á compañeira Normalizadora Lingüística, non teñen criterio claro, entón cada ano inventan algo, o ano pasado se equiparaba salarialmente coas auxiliares administrativas laborais, este ano leva outro incremento, co cal xa non se equipara con nadie, nin tampouco se equipara co grupo no que debería de estar si se fixeran ben as cousas.

5.- Nestes derradeiros anos, fóronse xubilando vari@s compañeir@s, eso fai que a plantilla do persoal se resinta, asumindo máis traballo ou en algúns casos, derivando ditos traballos hacia a empresa privada.

Nos propoñemos que se redistribuía ou reorganice as prazas que hai agora e se volvn a cubrir as prazas que quedaron vacantes ata cubrir as necesidades municipais, xa que agora si se poden cubrir esas vacantes.

6.- Solicitamos que figure unha partida presupuestaria que faga posible que dentro das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2018, figure un engadido que foi aprobado en Pleno do Concello de Carral o día 21 de Decembro de 1996, e que dí:

### "Anticipos Reintegrables":

a) Concederáanse anticipos reintegrables aos funcionarios ou ao persoal laboral, fixo ou que teña contratos encadeados superiores a un ano.

b) Anticiparase ata 4 mensualidades das retribucións liquidas, cun tope máximo de 3000 €, coa seguinte amortización:

6 meses para anticipos de ata 450 €

12 meses para anticipos de 450,01 € ata 900 €

18 meses para anticipos de 900,01 € ata 1350 €

24 meses para anticipos de 1350,01 € ata 3000 €

No caso de anticipos para persoal laboral, as daas deberán adaptarse á data do fin de contrato vixente no momento da súa firma.

c) Para a concesión dun novo anticipo, será necesario informe da Intervención Municipal e que conste que o anterior xa foi cancelado

d) A concesión de anticipos, aprovarase en Xunta de Goberno Local.


e) A extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello de Carral, abrigará ao persoal afectado ao reintegro do importe pendente, no prazo máximo dun mes.

7.- Por último, queremos solicitar que figure unha partida presupuestaria, na que se abonen os gastos dos desplazamentos, para asistir a xuntanzas noutros Cocnellos ou Organismos, os gastos de aparcamento mentres están nesas xuntanzas, así como as asistencia a cursos de mellora e reciclaxe, xa que fai anos sí se abonaba.

Por todo o que ata aquí temos exposto, solicitamos que valoren e teñan en conta todas as Alegacións, procedendo á súa aprobación.

Atentamente

A Representación Sidical do Personal Laboral".



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Página web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## Rexistro de entrada 737, do 12 de abril de 2018- Nuria Aradas Carollo

"Nuria Aradas Carollo, con DNI 33267547W, trabajadora social de este Ayuntamiento.

### **EXPONE:**

Que desde junio de 1989 presta servicios en esta administración local desempeñando el puesto de trabajo que actualmente ocupa.

Que, en mayo de 1995, adquiere la condición de persona laboral fijo mediante concurso-oposición libre. Tras producirse esta nueva situación, se equipara al personal funcionario de su mismo grupo; igualmente, se establece una equiparación en cuanto al nivel ( en ese momento nivel 22).

Desde esa fecha **no se experimentó revisión alguna**, circunstancia que sí se produjo en la mayoría (tal vez en la totalidad) del resto del personal técnico y administrativo que hasta la fecha, forma o formó parte de la relación de puestos de trabajo de este Ayuntamiento.

Por otro lado, desde hace años, se viene planteando por parte de esta trabajadora la funcionarización del puesto que desempeña, no obteniendo respuesta favorable alguna, si bien continúa posposiciones.

Respecto a esto, cabe destacar que la Ley de la Función Pública Gallega, en su artículo 22, establece las funciones y puestos de trabajo reservados a personal funcionario:

.....

**f) Los puestos que tengan atribuidas funciones de inscripción, anotación y cancelación de datos en los registros administrativos.**

Respecto a este punto, mencionar la **exclusividad** de los trabajadores sociales para el registro de datos de usuarios del departamento de servicios sociales a través del SIUSS (Sistema de Información de Usuarios de Servicios Sociales): Esta plataforma, permite la recogida de los datos básicos del usuario de los servicios sociales de Atención Primaria, información necesaria para realizar una intervención profesional como respuesta a una demanda social.

Cabe destacar que la Agencia de Protección de datos determina como datos que requieren especial protección por considerarlos datos sensibles, la información recogida en los ficheros de los departamentos de servicios sociales.

El artículo 43 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal establece:

### **Responsables.**

Los responsables de los ficheros y **los encargados de los tratamientos** estarán sujetos al régimen sancionador establecido en la presente Ley.


Cuando se trate de ficheros de titularidad pública se estará, en cuanto al procedimiento y a las sanciones, a lo dispuesto en los artículos 46 y 48 de la presente Ley.

Según esto, la figura profesional del trabajador social en la Administración Pública, debe ser desempeñada por personal funcionario.

Respecto al personal laboral, la Ley de la Función Pública Gallega, establece que:

**En ningún caso pueden ser desempeñados por personal laboral os postos de traballo que estean reservados a persoal funcionario en virtude do previsto na línea segunda do artigo 22 desta lei.**

Teniendo en cuenta la anterior exposición de motivos, y tras la aprobación del Presupuesto Municipal para el ejercicio de 2018, y la consiguiente relación de puestos de trabajo, formula las siguientes:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Página web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ALEGACIONES:

**Primera:** En el anexo del Presupuesto se constata que existen considerables salariales, diferencia clara y desproporcionada entre el grupo A1 y A2 (Grupo II en el caso de personal laboral).

**Segunda:** Se observa en el Presupuesto Municipal para el ejercicio 2018 así como en la correspondiente RPT, la funcionarización de dos puestos (auxiliares administrativos), cubiertos en la actualidad por personal laboral fijo. Esta funcionarización lleva consigo un incremento en la masa salarial. Es obvio que esto supone una clara discriminación respecto al resto del personal del Ayuntamiento.

Se desconoce el criterio adoptado para iniciar este proceso (información que es transmitida por los representantes sindicales), No obedece a ningún acuerdo con los representantes de los trabajadores, por lo que se deduce que es una decisión adoptada unilateralmente por el responsable de personal.

Por ello, teniendo por presentado este escrito, se solicita:

-La funcionarización del puesto de trabajadora social fijo. (Cabe destacar, el ahorro que supone al Presupuesto Municipal, puesto que no se realizarían las cotizaciones al desempleo y al Fondo de Garantía Salarial.

-Adopción de medias para evitar la diferencia entre trabajadores de la plantilla de personal.

Carral, 10 de abril de 2018

Fdo. Nuria Aradas Carollo".

No expediente consta o informe da Interventora do Concello con data do 26 de abril de 2018 que se transcribe a continuación:

## "INFORME DE INTERVENCIÓN


**ASUNTO:** Alegacións ó Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2018 para a súa aprobación definitiva ante o Pleno da Corporación Municipal.

En relación a este asunto, esta Intervención Municipal emite o presente **INFORME**, en base ós extremos que se deducen dos seguintes:

### 1. ANTECEDENTES.

Aprobados inicialmente os Orzamentos do Concello de Carral para o exercicio 2018 en sesión plenaria de 13 de marzo de 2018 e publicada, no Boletín Oficial da Provincia nº 50, de 20 de marzo de 2018 e no taboleiro de anuncios do Concello de Carral, a exposición pública, a efectos de alegacións, da aprobación inicial do Orzamento por un prazo de quince días hábiles, comprendidos entre o 21 de marzo e o 13 de abril, ambos incluídos, presentáronse en prazo as seguintes reclamacións o mesmo:

- 1ª) Alegacións á aprobación inicial dos Orzamentos de data 10 de abril de 2018 (R.E. Nº 716,717 e 718), presentada por D. Pablo Couto López, na súa calidade de voceiro do grupo socialista municipal.
- 2ª) Alegacións á aprobación inicial dos Orzamentos de data 12 de abril de 2018 (R.E. Nº 730), presentada por Da. Ana Isabel Forján Villar, Mª Dolores Fernández Vázquez e Dona Mª Belén Bello Edreira, na súa calidade de persoal laboral do Concello de Carral.
- 3ª) Alegacións á aprobación inicial dos Orzamentos de data 12 de abril de 2018 (R.E. Nº 734), presentada por Dona Mª del Carmen García Fernández, D. Jesús Campelo Vázquez e D. Manuel Ares Barbeito, na súa calidade de representantes sindicais dos Traballadores laborais do Concello de Carral.
- 4ª) Alegacións á aprobación inicial dos Orzamentos de data 12 de abril de 2018 (R.E. Nº 737), presentada por Da. Nuria Aradas Carollo, na súa calidade de persoal laboral fixo do Concello de Carral.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 2.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL);

Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do título Sexto da Lei 39/1988 en materia de orzamentos municipais, agora refundida no TRLRFL.

Lei 3/2017, de 27 de xuño de 2017, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017, prorrogados no 2018

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Lei 5/97, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia.

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 3.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

**PRIMEIRO.-** A aprobación provisional do Orzamento Municipal é un acto de trámite, por eso, neste momento, ofréceselles ós cidadáns a posibilidade de interposición de reclamacións. A interposición de reclamacións ao acto de aprobación inicial do orzamento, non impide o dereito a interpoñer, no seu momento, recurso contra o acto definitivo que poderá fundarse en calquera infracción do ordenamento xurídico e poderá interpoñerse por calquera suxeito lexitimado en dereito.

O artigo 170 do TRLRFL regula o réxime de reclamacións contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral, con distinción das dúas materias seguintes: Os interesados que poden formula-las e os motivos taxados das reclamacións. O artigo 22 do R.D. 500/90, de 20 de abril, reproduce literalmente a norma legal.

### SUXEITOS LEXITIMADOS.

Os habitantes do territorio.


Os que resulten directamente afectados, anque non habiten no territorio da entidade local.

As entidades xurídicas cando actúen en defensa dos intereses que lles son propios.- O apartado c) do artigo 170.1 do TRLRFL lexitima para interpor reclamacións a: "Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios".

### CAUSAS OU MOTIVOS TAXADOS DE IMPUGNACIÓN.

A redacción do apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que repite literalmente o apartado 2 do artigo 22 do RD 500/90, dispón que: "**unicamente** poderán presentarse reclamacións contra o orzamento (...)", polo que parece indiscutible a conclusión de que **os motivos de alegación deben refutarse taxados**. Os aspectos nos que pode fundamentarse a alegación son, polo tanto:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites legais.- As causas que aquí se tratan son as seguintes: en primeiro lugar, a adopción do Orzamento por órgano distinto o Pleno, por defectos na convocatoria, ou a inválida constitución da Corporación; e, en segundo lugar, a falla o incorrección dalgún dos documentos que teñen que unirse ó Proxecto de Orzamento, ou o erro de cálculo na consignación.
- b) A omisión de crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade.- As obrigas esixibles á Entidade regúlanse no artigo 173 do TRLRFL e nos artigos 20, 21 e 22 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria (LXO).



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


Por ser manifesta a insuficiencia dos ingresos respecto dos gastos, o ben destes respecto das necesidades.- Douros son os supostos que aquí se tratan: o da nivelación orzamentaria e o da insuficiencia dos créditos para atender as necesidades públicas do territorio da Entidade. Debe destacarse que, para que prospere a reclamación, tanto a insuficiencia dos ingresos como a dos créditos debe ser "manifesta", debe acreditarse mediante informe pericial u outro medio de proba suficiente, non bastando que "sexa" posible (STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000).

**SEGUNDO.-** En relación a lexitimación ou non dos suxeitos que presentaron alegacións á aprobación inicial do presuposto, hai que sinalar que a maior parte dos escritos de reclamación á aprobación inicial do orzamento foron presentados por traballadores do Concello de Carral e por representantes dos traballadores, polo tanto, por suxeitos lexitimados para elo nos termos regulados no artigo 170.1 TRLRFL por acreditar un interés directo no mesmo posto que o orzamento lles afecta directamente.

Nembargantes, os escritos con número de rexistro de entrada 716,717 e 718 (os tres de 10 de abril de 2018) dos escritos de reclamación presentados por un concelleiro municipal, en representación do Grupo Municipal Socialista de Carral. En relación a este punto, aunque o artigo 171.1 non recolle de forma expresa a lexitimación dos Concelleiros, ésta resulta da interpretación que do dereito á participación pública (art. 23 Constitución Española) realizou o Tribunal Constitucional en Sentencias como a de 18 de outubro de 2004 que no seu Fundamento Xurídico 4º indica que: "...existe una legitimación "ex lege", que conviene concretamente, por razón del mandato representativo recibido de sus electores, a los miembros electivos de las correspondientes corporaciones locales para poder impugnar los actos o actuaciones de éstas que contradigan el Ordenamiento jurídico. No se trata de una legitimación basada en un interés abstracto en la legalidad, sino de una legitimación directamente derivada de la condición de representante popular que ostentan, en cuanto ahora importa, los concejales de un Ayuntamiento y que se traduce en un interés concreto -inclusive puede hablarse de una obligación- de controlar su correcto funcionamiento, como único medio, a su vez, de conseguir la satisfacción de las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal que, como primera competencia, asigna a los Municipios el art. 25.1 de la mencionada Ley reguladora de las bases del régimen local". Así, en esta sentencia e outras como a de 3 de abril de 2006, o TC considera que calquera membro da Corporación está lexitimado para impugnar a actuación da Entidade local á que pertence, polo interés concreto que ostenta no correcto funcionamento da devandita Corporación en virtude do seu mandato representativo, estando lexitimados para impugnar calquera acto ou acordo, a no ser que, tratándose do acto dun órgano colexiado, non votara en contra da súa aprobación.

Ahora ben, existe unha posición que é seguida por un importante sector da doutrina que considera que o Concelleiro ten lexitimidade para recurrir en vía contenciosa, pero non para realizar alegacións, porque a expresión "impugnación" proxéctase directamente sobre os recursos, administrativos ou xurisdiccionais, que poden interpoñer os membros das corporacións locais pola súa condición de tales, quedando fóra do termo referenciado a presentación de alegacións ou reclamacións por parte dos membros das corporacións locais en aqueles procedementos administrativos nos que esté previsto este trámite. Estas iniciativas son instrumentos e manifestacións de un control político encuadrable no funcionamento democrático das corporacións locais sen que impliquen un control xurídico das actuacións realizadas, que só poderán materializarse a través dos recursos ou, no seu caso, da revisión de oficio. En consecuencia e en palabra de Jesús Mozo: "... los miembros de las corporaciones locales en cuanto tales, y a salvo de que una norma se lo reconozca expresamente, no pueden presentar alegaciones o reclamaciones en el trámite correspondiente de un procedimiento administrativo que se esté instruyendo en el seno de la corporación local de la que forman parte. Esta posibilidad, con carácter general, está prevista para los posibles interesados o, en su caso, para los vecinos o ciudadanos pero no para los miembros de las corporaciones locales cuya intervención en el asunto debe de limitarse al ejercicio de la iniciativa política que les reconoce la legislación de régimen local." Neste mesmo senso pronúnciase Jesús Domingo Zaballos, que manifesta que: "Las limitaciones del art. 170.1 del TRLHL se ciñen a la legitimación para presentar «reclamaciones» a la aprobación inicial del presuposto, de suerte que, en sede jurisdiccional, debemos estar a lo dispuesto en el art. 19 de la LJCA, y a tal efecto (...) están legitimados en los términos del art. 63 de la LBRL, los concejales que hayan votado en contra del acuerdo de aprobación definitiva del Presuposto."





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**TERCEIRO.- Análise das reclamacións.** Analizaremos a continuación, unha a unha as reclamacións presentadas polos distintos suxeitos lexitimados, porén, nos casos de duplicidades das mesmas, as analizaremos conxuntamente.

Con carácter previo á análise das reclamacións presentadas, e como xa sinalamos anteriormente, debe terse en conta que o art. 170.2, que enumera os motivos de reclamación ó Orzamento, comeza dicindo que "**Unicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto**", enumerando a continuación os tres motivos de reclamación. En consecuencia, a utilización por parte do lexislador do termo "**unicamente**" pon de manifesto que as causas de reclamación á aprobación inicial do Orzamento son causas taxadas, limitadas exclusivamente ás tres enumeradas no apartado 2 do art. 170 TRLRFL, polo que a presentación de reclamacións deberán axustarse ás alí expresamente previstas. En consecuencia, debe entenderse que o trámite de exposición pública do Orzamento inicialmente aprobado non abre un período para a presentación de calquera alegacións ou reclamacións que estimen convintes os posibles interesados, senón que estas deberán fundamentarse en algún dos tres motivos de reclamación previstos no art. 170.2 TRLRFL, de xeito que outro tipo de reclamacións fundamentadas en motivos diferentes dos taxativamente enunciados no art. 170.2 TRLRFL no deberán ser estimadas polo Pleno ó non axustarse ós motivos de reclamación previstos legalmente. Do mesmo xeito que o apartado 1 do art. 170 enumera taxativamente os suxeitos lexitimados para a presentación de reclamacións, de xeito somentes poden presentar reclamacións ó Orzamento os suxeitos alí mencionados, os motivos ou causas que fundamentan as posibles reclamacións tamén deben axustarse as enunciadas no TRLRFL.

**ALEGACIÓN 1ª** presentada por D. Pablo Couto López como voceiro do grupo socialista municipal, con nº de R.E. 716 de 10 de abril de 2018.

**RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓN:** Presenta reclamación en base á causa taxada "**omisión de crédito necesario para o cumprimento de obrigacións exisibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo**". E así, solicita que " Se incremente o importe destinado á partida 1532 61900 Ampliación ponte do río Brexa (POS+ COMPLEMENTARIO) co importe necesario para cumprir a normativa e lexislación existente, para elo deberase modificar o proxecto existente para chegar a una plataforma que cumpra coas medidas legais, esto é: dous carría de 3,50 m cada un, e un arcén de 0,5 por sentido; xunto con beirarrúas de 2 m por ambas marxen, o que fan un ancho de 12m, fronte os sete aprobados polo PP en solitario"

**INFORME:** Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegación presentada polo Grupo Municipal Socialista, xa que, tendo en conta que existe crédito adecuado e suficiente para cubrir o importe do proxecto presentado, non entraría na causa taxada de reclamación que alega o reclamante. Porén, e para aclarar este punto, dende esta Intervención solicitouse informe ao arquitecto municipal, D. Félix Alberto Quijano Yáñez, sobre o particular, emitindo este informe o 17 de abril de 2018, no que se sinala:


" I. Consideracións técnicas.

**Sobre a Orde FOM/273/2016, de 19 de febreiro, pola que se aproba a Norma 3.1**

A Norma 3.1- IC Trazado, da Instrución de Estradas, indica no seu punto 1.2. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

"O obxecto da Norma e definir os criterios aplicables en materia de trazado nos estudos e proxectos da Rede de Estradas do Estado, que proporcionen unhas características adecuadas de funcionalidade, materializadas na comodidade e na seguridade dea circulación, compatibles con consideracións económicas e ambientais..."

Polo tanto, **o proxecto de ampliación da Ponte do Río Brexa non está dentro do ámbito de aplicación da Norma 3.1., polo que non é preceptiva a súa aplicación ao proxecto.**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## Sobre a LEI 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Segundo o indicado no punto 2 do artigo 6 da Lei de accesibilidade, en canto aos itinerarios accesibles, se indica que estableceranse regulamentariamente os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados accesibles, sen que se publicase a día da redacción de este informe o mencionado regulamento de desenvolvemento.

(...)

Polo tanto o regulamento que se debe aplicar para determinar cales son as condicións é o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que sinala no seu artigo 16, que "o deseño e trazado dos percorridos de uso público ou comunitario destinados ó tránsito de peóns realízase mediante itinerarios peonís que resulten adaptados as condicións establecidas na **base 1.1 do código de accesibilidade (..)**"

A base 1.1 do código de accesibilidade se sinala que:

(...)

**En áreas NON desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral** a largura mínima de paso, libre de obstáculos, será de :0,9 m.

En este caso a área que se pretende realizar, non está desenvolvida a través de un instrumento de ordenación integral, polo tanto a largura mínima de paso, libre de obstáculos, para os itinerarios peonís será de :0,90 metros.

## Sobre a construción de unha plataforma de 12 m.

O grupo socialista indica que o mínimo legal para o largo da plataforma de ampliación da ponte é de 12 metros, cando segundo a normativa urbanística (NSMP do Concello de Carral) o largo que se corresponde coas vías TIPO IV (que resultasen a aplicación en este tipo de vías) é de 7 metros e por aplicación do artigo 92 da LSG as construción e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes **en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública é que dean fronte**, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.


Polo tanto o largo que ven contemplado en planeamento é de 7 metros, e as vías en zonas non consolidadas pola edificación terán protexidos da realización de construción 8 metros (4 dende o eixe), e en aplicación do artigo 37 da LSG, **no solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico** ou nos instrumentos de ordenación do territorio (...)

## II. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase que carece de sentido a modificación da partida 1532 319.00 Ampliación ponte Río Brexa do orzamento, solicitada do orzamento polo grupo municipal socialista de Carral, nos termos indicados neste informe "**

**ALEGACIÓN 2ª** presentada por D. Pablo Couto López como voceiro do grupo socialista municipal, con nº de R.E. 717 de 10 de abril de 2018.

**RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNs:** Presenta reclamación en base á "**omisión de crédito necesario para o cumprimento de obrigacións exisibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo**". E así, solicita que "**Se modifique o proxecto e se dote do crédito necesario a partida:**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1532 619.00 Pavementación e formación de beirarrúas (Río Merla, ...en Paleo, Carral) (POS +2018) para que recolla a adaptación das alineacións do proxecto de planeamento naquelas zonas que lles corresponda ao Concello de Carral, e as beirarrúas se lles de un ancho legal de 2 m, e se contemple o afirmado cun fresado previo ao aglomerado para evitar o afundimento de aceras e entradas".

INFORME Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións presentada polo Grupo Municipal Socialista, xa que, tendo en conta que existe crédito adecuado e suficiente para cubrir o importe do proxecto presentado, non entraría na causa taxada de reclamación que alega o reclamante. Porén, e para aclarar este punto, dende esta Intervención solicitouse informe ao arquitecto municipal, D. Félix Alberto Quijano Yáñez, sobre o particular, emitindo este informe o 17 de abril de 2018, no que se sinala:

" I. Consideracións técnicas.

## a) Sobre a LEI 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Segundo o indicado no punto 2 do artigo 6 da Lei de accesibilidade, en canto aos itinerarios accesibles, se indica que estableceranse regulamentariamente os diferentes parámetros e características que aqueles deben ter para ser considerados accesibles, sen que se publicase a día da redacción de este informe o mencionado regulamento de desenvolvemento.

(...)

Polo tanto o regulamento que se debe aplicar para determinar cales son as condicións é o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que sinala no seu artigo 16, que "o deseño e trazado dos percorridos de uso público ou comunitario destinados ó tránsito de peóns realízase mediante itinerarios peonís que resulten adaptados as condicións establecidas na **base 1.1 do código de accesibilidade (.)**"

A base 1.1 do código de accesibilidade se sinala que:

En áreas desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral e largura mínima de paso libre de obstáculos, será de :1.80 metros


**En áreas NON desenvolvidas a través da redacción de instrumentos de ordenación integral** a largura mínima de paso, libre de obstáculos, será de :0,90 metros.

En este caso a área que se pretende realizar, non está desenvolvida a través de un instrumento de ordenación integral, polo tanto a largura mínima de paso, libre de obstáculos, para os itinerarios peonís será de :0,90 metros.

## Sobre a adaptación do proxecto ao planeamento vixente e futuro

No día de redacción deste informe, a zona da rúa da Meira na que se proxecta realizar a formación de beirarrúas resulta ser unha vía moi estreita, e que no planeamento existente, se proxectou de xeito que as aliñacións marcadas no plano (folla 9d) sinala a vía proxectada polas NSMP fora do viario público existente e marcadas no plano (zona 9D) sinala a vía proxectada polas NMSP fóra do viario público existente e marca a zona existente de viario público, como solo urbano de Ordenanza 1. Polo tanto o viario proxectado (rúa de 10 m de largo) nas NSMP non foi executado, e rúa existente está dentro da Ordenanza 1.

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o Disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado "Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado, pero o PXOM non foi aprobado definitivamente, e en aplicación do



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981 670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

punto 2 do artigo 350 do RLSG " Non se poden denegar ou otorgar licenzas urbanísticas con base nas determinacións de planeamento futuros nin condicionadas á aprobación destes".

Por todo isto, en este ámbito, non se pode executar nin o planeamento vixente das NSMP nin o futuro do PXOM.

En todo caso, a rúa de Meira, é unha vía existente propiedade do Concello de Carral e polo tanto, en aplicación do artigo 135.1 da LSG, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, **en todo caso, nas de seguridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.**

**Mediante o proxecto de Pavimentación e formación de beirarrúas, se pretende dar cumprimento do sinalado anteriormente como deber de conservación do Concello de Carral, en tanto non se poida executar o planeamento.**

## II. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase que carece de sentido a modificación da partida 1532 319.00 pavimentación e formación de beirarrúas do orzamento, solicitada do orzamento polo grupo municipal socialista de Carral, nos termos indicados neste informe "**

**ALEGACIÓN 3ª** presentada por D. Pablo Couto López como voceiro do grupo socialista municipal, con nº de R.E. 718 de 10 de abril de 2018.

RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓN: Presenta reclamación en base á "**ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que está previsto**". E así, solicita que " se incremente o importe destinado á partida 231 48002 Emergencia Social ata chegar aos 25.000,00 €, e de esta forma garantir a prestación da axuda do fondo de emerxencia social a calquer ciudadano no noso Concello que o necesite sen depender da axuda de entidades privadas, que virán ou no".


INFORME: Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegación presentada polo Grupo Municipal Socialista, xa que, a reclamación en base á causa taxada alegada, debe basarse en dous claros supostos: o da nivelación orzamentaria, ou o da insuficiencia dos créditos para atender as necesidades públicas do territorio da Entidade. Debe destacarse que, para que prospere a reclamación, tanto a insuficiencia dos ingresos como a dos créditos debe ser "manifesta", debe acreditarse mediante informe pericial u outro medio de proba suficiente, non bastando que "sexo" posible (STSJ de Baleares de 1 de decembro de 2000).

**ALEGACIÓN 4ª** presentadas por Da. Ana Isabel Forján Villar, Mª Dolores Fernández Vázquez e Dona Mª Belén Bello Edreira, na súa calidade de traballadoras do Concello de Carral, con Nº de R.E. 730 de 12 de abril de 2018.

## RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓN:

Que se realicen as modificacións oportunas nos Orzamentos de 2018 para evitar as diferencias salariais.

INFORME: Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións por non atoparse dentro de ningún dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL de reclamación á aprobación inicial do Orzamento, e, reitérase o mencionado anteriormente, que o trámite de presentación de reclamacións á aprobación inicial do Orzamento non é unha vía para presentar calquera tipo de alegación, proposta ou demanda que pretendan realizar os interesados, senon que o trámite de presentación de alegacións está reservado unicamente aos motivos anteriormente enumerados, de xeito que reclamacións ou alegacións que se fundamenten en causas distintas, deberían ser desestimadas.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Por outra banda, os postos de traballo obxecto desta alegación non constan incluídos na Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral aprobada definitivamente en Pleno de 20 de setembro de 2013, dado que na mesma só se recollen os postos do persoal funcionario e do persoal laboral fixo. No caso dos postos de traballo non valorados e catalogados a través da Relación de Postos de Traballo, recóllese no anexo de persoal do orzamento municipal as cantidades reflexo da realidade das súas respectivas nóminas anuais. Unha valoración máis concreta implicaría a súa inclusión na RPT, con unha correcta valoración e catalogación de cada posto de traballo, co fin de asumir dito posto como necesario e imprescindible na organización municipal de maneira definitiva e permanente, así como a súa correspondente ocupación mediante un dos procedementos establecidos na lexislación vixente para provisión de postos de traballo.

**ALEGACIÓNS 5ª** presentadas por Da. Mª Carmen García Fernández, D. Jesús Campelo Vázquez e D. Manuel Ares Barbeito na súa calidade de representantes sindicais dos Traballadores Laborais do Concello de Carral, con Nº de R.E. 734.

## RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS:

Homologación e equiparación entre persoal laboral e persoal funcionario da mesma categoría.

Promoción interna dos traballadores, incluíndo partidas orzamentarias para modificar esta estrutura

Criterio claro para o posto de Normalización lingüística.

Se cubran as prazas vacantes por xubilación.

Modificación das Bases de Execución.


Gastos de desplazamentos para asistir a xustanzas e cursos.

**INFORME:** Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións por non atoparse dentro de ningún dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL de reclamación á aprobación inicial do Orzamento, e, reitérase o mencionado anteriormente, que o trámite de presentación de reclamacións á aprobación inicial do Orzamento non é unha vía para presentar calquera tipo de alegación, proposta ou demanda que pretendan realizar os interesados, senon que o trámite de presentación de alegacións está reservado unicamente aos motivos anteriormente enumerados, de xeito que reclamacións ou alegacións que se fundamenten en causas distintas, deberían ser desestimadas.

Ademáis estas reivindicacións deberían terse tratado na fase de Negociación Colectiva realizada en data 5 de marzo de 2018, estando limitada calquera modificación do catálogo de persoal do Orzamento, por unha modificación previa da RPT. Ademáis, hai que ter en conta que a Lei 3/2017 de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 (en adiante LPXE 2017), en situación de prórroga, sinala no seu artigo 12.Dous o seguinte: "En el año 2017, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2016, en términos de homogeneidad para los dos períodos de comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo".

Respecto ao crédito para comisións de servizos ordenadas polo Concello, si existe crédito en diferentes grupos de función do Orzamento, acorde ao gasto realizado por estes conceptos nos últimos anos.

Por último, respecto ao cambio de redacción da Bases de Execución do Orzamento para 2018, e que repite a redacción das bases Execución do Orzamento para 2017, e que non se considera causa taxada do artigo 170.2 do TRLRFL, hai que ter en conta que os anticipos reintegrables na función pública regúlanse polo Real decreto lei do 16 de decembro de 1929 establece no seu artigo 1 que os funcionarios públicos das diversas carreiras e profesións da Administración civil do Estado que teñan os seus haberes detallados nos orzamentos de gastos dos diferentes departamentos ministeriais terán dereito a percibiren, como anticipo, o importe dunha ou dúas pagas ou mensualidades do seu haber líquido cando o necesiten para atender necesidades urxentes da súa vida. No artigo 19 deste real decreto lei, fan extensivos os beneficios outorgados por esta norma aos funcionarios dependentes das deputacións provinciais e dos concellos, o que obriga as ditas entidades locais a consignaren nos seus orzamentos anuais os créditos necesarios para poder cumprir con esta obriga. Esta Intervención municipal considera que esta extensión ao persoal laboral debería regularse a



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

través do Convenio Colectivo, convenio que está pendente de aprobación no Concello de Carral.

**ALEGACIÓNS 6ª** presentadas por Da. Nuria Aradas Carollo, na súa calidade de traballadoras do Concello de Carral, con Nº de R.E. 737 de 12 de abril de 2018, que reclama conxuntamente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo e a aprobación do orzamento do 2018.

RESUMEN DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS: A reclamante solicita que:

- Se produza a funcionarización do posto de traballadora social fixo.
- Se adopten medidas no Orzamento do 2018 para evitar a diferenza entre traballadores da plantilla de persoal.

INFORME: Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións por non atoparse dentro de ningún dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL de reclamación á aprobación inicial do Orzamento, e, reitérase o mencionado anteriormente, que o trámite de presentación de reclamacións á aprobación inicial do Orzamento non é unha vía para presentar calquera tipo de alegación, proposta ou demanda que pretendan realizar os interesados, senon que o trámite de presentación de alegacións está reservado unicamente aos motivos anteriormente enumerados, de xeito que reclamacións ou alegacións que se fundamenten en causas distintas, deberían ser desestimadas, nos termos sinalados na reclamacións nº 4 e nº 5.

En relación á súa petición de funcionarización do seu posto de traballo de laboral fixo, esto queda perfectamente explicado no informe emitido pola Técnico de Administración Xeral, Dona Socia Campos Ares, de 18 de abril de 2018, en relación á reclamación desta mesma traballadora á Relación de Postos de Traballo e, no que se sinala: "(...)Por iso, o posto de traballadora social coa condición de laboral fixo ocupado por dona Nuria Aradas Carollo pode seguir sendo desempeñado por persoal laboral fixo pois a traballadora tiña esta condición na data da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público mais non existe impedimento legal algún para que se poida modificar e converter nun posto de funcionario de carreira pois queda acreditado que poden entenderse as funcións que desempeña como funcións propias dun funcionario de carreira polo que debería terse en conta a inclusión na RPT deste posto como un posto de funcionario de carreira.

Destacar así mesmo que na última reunión da mesa de negociación do cinco de marzo de dous mil dezoito se deixou constancia da necesidade de continuar con posibles inclusións na RPT de postos de funcionarios por conversión de laborais fixos ao abeiro do establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público."


**CUARTO.- Conclusións.** En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos argumentos expostos, procedería a desestimación de tódalas reclamacións presentadas por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL.

Este é o meu informe sen prexuízo doutro superior en dereito.

Carral, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Noemí González Mato.  
Interventora Municipal."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2018, extraordinaria, do 08 de marzo de 2018 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) lembra que xa votou en contra da aprobación inicial e manifesta que así o seguirá a facer, pois coida que non é normal que os orzamentos non sexan participativos, e que se confeccionen sen convidar aos grupos políticos, asociacións e veciñanza.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) indica que, agás as do persoal, todas As alegacións son do seu grupo, e que a proposta é rexeitalas por cuestións técnicas. Opina que non é normal deixar só dous días para estudar o orzamento, e que se deberían deixar polo menos vinte días. Engade que bota de menos unha maior comunicación coas forzas políticas para poñer en común ideas, e explica que as súas alegacións non son para poñer "pedras no camiño", senón para evitar o que considera erros absolutos.


No referente á Ponte do Brexa indica que, malia que o informe do arquitecto manifesta que a normativa citada non é aplicable ás estradas locais, o lóxico é que no largo da ponte se podan cruzar dous vehículos, polo que considera que non ten sentido unha calzada de cinco metros de largo nunha estrada que está chamada a ser ampliada polo seu tráfico. Engade que todas as pontes da Deputación ou da Xunta se están a cambiar a sete metros, para que non sexan puntos negros e evitar accidentes. Opina que é unha mágoa que a reclamación se rexeite co acordo de todo o grupo do PP, pois lle parece un erro moi grande que se podería arranxar sen un custe elevado.

En canto á emerxencia social, o señor Couto considera a contía prevista escasa, e opina que non se debería depender das axudas de entidades privadas coma La Caixa. Engade que oxalá sobrasen e non fixesen falla en ningún lugar de España, mais que, a pesares de que o equipo de goberno considera suficiente a partida, segundo a súa información hai moita xente que ten que acudir a Cáritas para obter axudas para comidas, alugueres ou subministracións de luz ou auga, o que non tería moito sentido se os fondos do Concello para tal finalidade sobrasen. Manifesta que, por tanto, non entende por que se rexeita a súa alegación.

No tocante á rúa Merla, opina que non se deberían facer beirarrúas de 90 centímetros, das que xa hai moitas en Carral, pois coida que son perigosas e que non cumpren o indicado nas normas subsidiarias e no PXOM, polo que haberá que demolelas no futuro. Engade que, na súa opinión, no informe do arquitecto se buscan todos os recunchos legais para xustificalo.

Opina que o seu grupo propón corrixir cuestións que consideran ilóxicas, e engade que non alegaron en relación á obra do Panteón, porque pensou que Patrimonio non a aprobaría. Opina que os autobuses non van poder xirar, e que se vai xerar un tapón cando, na súa opinión, había zonas nas que se podía instalar a parada de forma máis sinxela e sen gastar tanto. Engade que coida que o Panteón merece máis ca ser o centro de varias marquesiñas de autobuses. Reitera que lamenta que se rexeiten as súas alegacións, pois coas obras se vai hipotecar Carral para moitos anos, na súa opinión.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) replica que, como xa dixo na comisión informativa, as cuestións indicadas polo grupo do PSdeG-PSOE serían máis obxecto de emendas que alegacións ao orzamento, pois non se axustan aos motivos taxados pola lei para reclamacións. Indica que os proxectos aprobados foron os que se presentaron na solicitude á Deputación, e que non ten sentido modificalos agora. Opina que manipulan á súa maneira a información que lles trasladaron as traballadoras sociais en relación ás emerxencias sociais. Explica que antes a partida era de 3.000 euros e agora de 5.000, máis a colaboración de La Caixa da que dí que o señor Couto "renega". Engade que hai dous meses o PSOE pedía a nivel nacional un



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

impuesto sobre os bancos para pagar pensións, e que agora non se quere o diñeiro da Fundación La Caixa que está para iso. Explica que os servizos sociais revisan en que se gastan os fondos para emerxencias sociais, que non se dan por dar, mentres que, segundo ela, en Cáritas non hai un control semellante, e algúns piden sen ter necesidade. Considera que non se pode confundir á xente e usar a emerxencia social para facer política. Lembra que se creou un banco de alimentos municipal en colaboración coa Cruz Vermella, con máis de 1.000 quilos de alimentos repartidos mediante vales durante o Nadal e ao longo do ano. Engade que o importante é que exista a partida, e que despois se poderá ampliar se o Concello ten que facer fronte a máis necesidades. Opina, asemade, que Carral é un referente no tratamento das emerxencias sociais en toda Galicia. No tocante ás reclamacións do persoal, indica que se propón a súa desestimación en conxunto, coa motivación indicada no correspondente informe.

O señor Bergondo manifesta que se alegra de que distinga emendas de alegacións, e que opina que hai que axeitar as partidas ao que se pretende facer xa dende o principio pois considera que non ten xeito sobrevaloralas. Engade que o convenceu aínda máis para votar en contra.

O señor Couto López considera que no equipo de goberno teñen a "manía" de cambiar o que el di, e que non manipulou o que lle transmitiron nos servizos municipais do Concello, en canto a que "estiran o presuposto de emerxencia social". Explica que non di que non se pidan axudas aos bancos, senón que non pode depender a emerxencia social da vontade de terceiros, pois é unha función municipal. Reitera que trata que os proxectos que se fagan sexan, non os que quere el, senón bos para Carral. Repite a súa opinión de que o proxecto da ponte "non colle na cabeza de ninguén" cun largo de 5 metros que obriga a parar un sentido do tráfico, o que pode provocar accidentes. Reitera o mesmo en canto á rúa, pois non ten sentido tirar dentro dun ano obras que se fagan agora. Opina que o pobo "está cheo" de que se fagan obras sen sentido nin planificación, coma a de Uxío Novoneira ou a do Panteón. Engade sobre o pavillón que o arranxo do chan é necesario, mais que só se fará se hai baixas nas outras obras, e sen arranxar as pingueiras. Opina que hai que sentarse antes de programar, e que ata que lles obrigou o Ministerio de Facenda, sempre prorrogaron os orzamentos e, por iso, na súa opinión, están acostumados a facer o que lles dá a gaña. Conclúe que é mellor ter previstos os cartos que poidan cumprir para emerxencias sociais que logo ter que cambialos de partida, sobre todo cando hai extraxudiciais de 400.000 € ou medio millón de euros para o pagamento da débeda.


A señora Duarte Gerpe resposta que non ten máis que dicir.

O señor Alcalde opina que o señor Couto está obsesionado con esas obras, que non todo o pobo de Carral está de acordo co que el di, pois hai moitos puntos de vista, e que o maioritario é o dos que lle votaron nas eleccións hai tres anos, polo que teñen a obriga de facer as cousas como lles piden.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria (e en segunda votación, trala súa repetición polo empate na primeira), por seis votos a favor (dos/as seis señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e co voto de calidade do Alcalde-Presidente), fronte a seis votos en contra (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1.- Proceder á desestimación das reclamacións presentadas por non atopárense dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2018, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación

**Queda** tamén aprobado definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publica no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e remitirase unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.


O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL "Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción."

## PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DE MAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

### **4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 08 de marzo e o 03 de maio de 2018 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Nº	DATA	ASUNTO
96/2018	08/03/2018	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Proxecto de Mellora de vias nas parroquias de San Vicente de Vigo e Tabeaio (AGADER)"
97/2018	08/03/2018	Asunto: Iniciación do expediente e aprobación do gasto de contratación da obra (contrato menor) Proxecto de acondicionamento parcial do conxunto etnográfico Muíños Costa da Égoa e posta en marcha de dous muíños.
98/2018	12/03/2018	Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento xeral do Concello para 2017.
99/2018	12/03/2018	Asunto: SOLICITUDE DE ENCE DE AUTORIZACION COTE DE MADEIRA NAS PARCELAS 548 DO POLIGONO 36 E 161 DO 18 SOUTO FIGUEIRA SUMIO
100/2018	12/03/2018	Asunto: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 8-2018
101/2018	13/03/2018	Asunto: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 9-2018
102/2018	13/03/2018	Asunto: Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico DII (P4430)
103/2018	13/03/2018	Asunto: Aprobación dos Marcos Orzamentarios para o período 2018-2020
104/2018	14/03/2018	Asunto: COMUNICACIÓN ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR VACACIONES (16 AO 21 DE MARZO DE 2018)
105/2018	14/03/2018	Asunto: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 10/2018




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

106/2018	15/03/2018	Asunto: Aprobación del plan de seguridad y salud del suministro con instalación "Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral"
107/2018	15/03/2018	Asunto: Segundas correccións no proxecto da obra "Proxecto de espazo público en Carral. Introducción de paradas de bus en torno á N-550" (agora Reforma da contorna do Monumento aos Mártires de Carral) POS+2018, da Deputación Provincial da Coruña
108/2018	22/03/2018	Asunto: Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico DII (P446)
109/2018	23/03/2018	Asunto: Segundas correccións no proxecto da obra "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal O Espiño en Carral", POS+2018 da Deputación Provincial da Coruña
110/2018	26/03/2018	Asunto: Correccións no proxecto da obra "Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", POS+2018, da Deputación Provincial da Coruña.
111/2018	27/03/2018	Asunto: Aprobación de nóminas correspondentes ao mes de marzo 2018 e nóminas extraordinarias do persoal que se rexe polo convenio de limpeza
112/2018	28/03/2018	Asunto: Solicitud á Agader de subvención para a obra "Cubrición de pista de pádel" ao abeiro da resolución do 29 de decembro de 2016 (axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4) cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR))
113/2018	28/03/2018	Asunto: Solicitud de participación do Concello de Carral no Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016 COMPLEMENTARIO OU ADICIONAL, da Deputación Provincial da Coruña.
114/2018	03/04/2018	Asunto: XUSTIFICACION DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 6/2018
115/2018	03/04/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. José Luis Aprucesess Martín
116/2018	03/03/2018	Asunto: RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO DII (P4460)
117/2018	03/04/2018	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dna. María Blanca Rama Toja.
118/2018	03/04/2018	Asunto: Convocatoria sesión 2/2018, ordinaria, da Xunta de Goberno Local (05-4-2018)
119/2018	04/04/2018	Asunto: Solicitud á Deputación Provincial da Coruña de subvención para o "Servicio de Socorrismo das Piscinas Municipais do Concello de Carral.- Verán 2018" ao abeiro da convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2018.
120/2018	05/04/2018	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 9/2018
121/2018	05/04/2018	Asunto: CAMBIO TITULARIDADE LICENZA DE TAXI Nº1 E CAMBIO DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA.
122/2018	05/04/2018	Asunto: SOLICITUDE Á DEPUTACION DA CORUÑA DE SUBVENCION AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL 2018
123/2018	09/04/2018	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas ( abril de 2018)
124/2018	09/04/2018	Asunto: Expediente de limpeza de predios 11/2018
125/2018	09/04/2018	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (abril de 2018)
126/2018	09/04/2018	Asunto: Expediente de limpeza de predios 12/2018
127/2018	10/04/2018	Asunto: Ampliación horaria saf de María Carmen Bestilleiro Lesta
128/2018	11/04/2018	Asunto: Expediente forestales 6/2018
129/2018	12/04/2018	Asunto: Expediente forestales 7/2018
130/2018	12/04/2018	Asunto: Expediente forestales 8/2018
131/2018	13/04/2018	Asunto: Expediente forestales 9/2018
132/2018	16/04/2018	Asunto: SOLICITUDE DE ENCE (ENERGÍA Y CELULOSA SA) DE AUTORIZACIÓN



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

133/2018	16/04/2018	PARA CORTE DE MADEIRA (Eucaliptus globulus) NAS PARCELAS 75 E 385 DO POLÍGONO 9; 99 DO POLÍGONO 34; 186, 207 E 455 DO POLÍGONO 36 ; 32 DO POLÍGONO 39; E 286 E 330 DO POLÍGONO 44 (EXPTE 2017999/59) Asunto: SOLICITUDE DE ENCE (ENERGÍA Y CELULOSA SA) DE AUTORIZACIÓN PARA CORTE DE MADEIRA (Eucaliptus globulus, Castanea sativa e Quercus robur) NA PARCELA 387 DO POLÍGONO 16, SITA EN CABROIS, SANTO ESTEVO DE PALEO, CARRAL (EXPTE 2018999/5)
134/2018	16/04/2018	Asunto: SOLICITUDE DE ENCE (ENERGÍA Y CELULOSA SA) DE AUTORIZACIÓN PARA CORTE DE MADEIRA (Eucaliptus globulus, Castanea sativa e Quercus robur) NAS PARCELAS 162 E 547 DO POLÍGONO 36, SITAS EN SOUTO FIGUEIRA, SANTIAGO DE SUMIO, CARRAL (EXPTE 2018999/6)
135/2018	16/04/2018	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia de subvención ao abeiro da Orde do 16 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvención ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega. (ED115A)
136/2018	19/04/2018	Asunto: Expediente forestales 10/2018
137/2018	19/04/2018	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia da taxa por "Autorización para realización de certames con animais"; (Festa do Pan)
138/2018	23/04/2018	Asunto: Aprobación e pagamento ao Servizo de Saude Pública da Consellería de Sanidade da taxa denominada "Informes técnicos e outras actuacións facultativas realizadas por persoal técnico ao servizo da Administración xeral"
139/2018	25/04/2018	Asunto: Convocatoria sesión 3/2018, ordinaria, da Xunta de Goberno Local (26-4/2018)
140/2018	25/04/2018	Asunto: Resolución de Inicio Procedementos sancionadores de tráfico DII (P4477)
141/2018	25/04/2018	Asunto: Resolución de Inicio Procedementos sancionadores de tráfico DII (P4484)
142/2018	26/04/2018	Asunto: Decreto aprobación nóminas mensuais ordinarias persoal concello mes de abril 2018
143/2018	26/04/2018	Asunto: Designación do xurado do premio XXI Concurso de Poesía "Concello de Carral"
144/2018	26/04/2018	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 8/2018
145/2018	26/04/2018	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 9/2018
146/2018	27/04/2018	Asunto: Convocatoria de sesión da Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 3/2018, extraordinaria, 03-05-2018.
147/2018	30/04/2018	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Consellería de Política Social) de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2018.
148/2018	02/05/2018	Asunto: APROBACION DA FACTURA DE SANITAS S.A. DE SEGUROS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2018
149/2018	03/05/2018	Asunto: Convocatoria de pleno 3/2018, extraordinaria, con contido de ordinaria (08-05-2018)

## 5.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto (ACC-SON) e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 5.1.-Moción do grupo municipal mixto (ACC-SON) denominada "Moción modificación aparcadoiro bus na estrada N-550".

### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) presentou por escrito (registro de entrada n.º 957, do 08 de maio) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN APARCADOIRO BUS NA ESTRADA N-550**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debetida no mesmo coa seguinte

#### Exposición de motivos

Dende a Asemblea de Carral queremos expresar a nosa preocupación polo proxecto que puxo en marcha o goberno municipal no referente a parada do bus de Santiago-Coruña e Cañas-Coruña.

O proxecto contempla pouco máis que converter nunha isleta da estrada N-550 o Panteón dos Mártires de Carral. Unha cousa inadmisíbel se temos en conta o seu valor histórico e sendo unha peza tan importante pro noso Concello, pois aparacen nos libros escolares e sitúa a Carral no mapa.

Na Asemblea de Carral creemos que estas razóns son suficientes para abortar o proxecto de converter o Panteón dos Mártires pola liberdade nunha isleta de bus e chegar a unha solución que non manque o noso patrimonio.

Por todo isto propoñemos:


- 1.-Solicitar a Xunta de Galicia, Monibus e Autos Calpita o cambio da ubicación da parada do bus de Santiago-Coruña, actualmente situada no Panteón dos Mártires de Carral, para a Costa do Pincho entre a rúa da Pinguela e o km 17 da N-550 onde mellor conveña para non molestar o tráfico, e a colocación de unha marquesina nese lugar.
- 2.-Crear unha comisión de traballo, para valorar e buscar o xeito de facer unha circunvalación que saque a estrada N-550 do centro do pobo, coa participación dos grupos políticos municipais representados no pleno e asociacións de veciños, comerciantes e hosteleiros do pobo.

Carral, a 8 de maio de 2018

César Bergondo".

O señor Bergondo explica que pensa que hai que retirar do panteón a parada do autobús, porque atranca a estrada nacional e a de Cañas, mais tamé coída que parece ilóxico facer unha especie de rotonda na que o bus case non pode maniobrar, cando hai máis sitios no Pincho. Considero que, xa que é un quebradeiro de cabeza modificar o que se teña presentado á Deputación, deberían terse xuntado todos dende o principio para falar e chegar a un punto intermedio de acordo, sen ter que criticalos nos plenos. Asemade, propoñen crear unha comisión de traballo cos grupos políticos e diferentes asociacións para o estudo dunha circunvalación que saque a N-550 do centro da vila, e que se podería usar despois para todas as obras.

O señor Alcalde indica que rexeitarán a urxencia da moción. Opina que a intersección natural de toda a vida foi sempre a do Monumento dos Mártires, que sinala o centro de Carral de xeito



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

semellante ao Obelisco na Coruña. Considera que non se vai cambiar de sitio nin o monumento nin a N-550 proximamente, polo que coida que as propostas non son urxentes. Engade que hai poucas semanas aprobaron o proxecto, que non ten sentido cambialo agora, e que conta con todos os informes positivos que indican que os autobuses poderán circular en perfectas condicións e que o monumento estará máis protexido.

O señor Bergondo pregunta que, se non for así, que se poderá facer cos técnicos que errasen os cálculos, ao que o señor Alcalde resposta que se fixeron probas con buses de tres eixos e setenta prazas. O señor Bergondo replica que tamén o técnico correspondente planificou as obras de Uxío Novoneira, e nin el puido sair co coche do garaxe. O señor Alcalde indica que hai rúas máis estreitas ca outras e recoñece que, nalgún caso, podería facerse mellor.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada en votación ordinaria (e en segunda votación, trala súa repetición polo empate na primeira), por seis votos en contra (dos/as seis señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e co voto de calidade do Alcalde-Presidente), fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

**5.2.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á “creación dun consorcio ou autoridade metropolitana de transporte, para avanzar no proceso de construción metropolitana, que inclúa A Coruña e aos concellos que conforman o Consorcio das Mariñas e que se lle propoña formar do mesmo aos concellos de Arteixo, Laracha, Carballo e Cerceda”.**

## EXPOSICIÓN

O señor López Couto (grupo municipal do PSdeG-PSOE) presentou por escrito (rexistro de entrada n.º 956, do 07 de maio) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:


*“De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carral desexa someter á consideración do Pleno a seguinte: **MOCIÓN relativa á creación dun Consorcio ou Autoridade Metropolitana de Transporte, para avanzar no proceso de construción metropolitana, que inclúa A Coruña e aos Concellos que conforman O Consorcio Das Mariñas e que se lle propoña formar do mesmo aos concellos de Arteixo, Laracha, Carballo e Cerceda.***

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Os socialistas da cidade e comarca vimos de acordar unha posición conxunta no noso partido con respecto ao futuro da Área Metropolitana de A Coruña, partindo da nosa posición de apoio a unha realidade metropolitana, como fenómeno innegable para o futuro do benestar dos cidadáns desta comarca, pero apostando claramente por unha serie de premisas que garantan a viabilidade do proxecto.*

*Os socialistas de toda a comarca sabemos da necesidade e a importancia que ten a implicación de todos e cada un dos concellos na idea de área metropolitana, que non pode existir sen a participación do noso concello e parécenos razoable que se conte coa posible incorporación de municipios como Cerceda, Laracha e Carballo, se fose o seu desexo, para crear unha área con máis fortaleza e posibilidades.*

*Lembramos que froito dese espírito de construción do metropolitano xa se articularon servizos con ámbito supramunicipal como o de auga potable desde Emalcsa, a deputación de augas desde EDAR de Bens e o tratamento de lixos desde Nostián.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Os socialistas defendemos que as solucións metropolitanas deben ter como centro ao cidadán e á cidadá que vive, traballa, descansa, desprázase, usa e demanda servizos sen distinción de quen llos presta por iso este procesp debe ir moito máis alá dunha mera declaración, como foi a promovida polo Concello da Coruña, e cumprir con medidas serias esa necesidade de unión metropolitana. Tamén demandamos que os participantes no proceso metropolitano presenten as análises de viabilidade económica que permitan ao conxunto da cidadanía de toda a área coñecer as vantaxes e as consecuencias para os recursos públicos da constitución dun novo ente local e negámonos a que o retrasos acumulados obriguen a ter que agardar os longos prazos que requiriría a tramitación dun proxecto de lei de área metropolitana da Coruña para ofrecer á cidadanía solucións que hoxe en día xa se saben técnica e economicamente viables e que mellorarían claramente a súa vida, como a que afecta á mobilidade. Por iso, o PsdeG-PSOE propón a constitución, como primeiro ente metropolitano, do Consorcio Metropolitano de Mobilidade da Coruña (CMMC), cuxa principal misión será xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos Concellos da área, reunindo nun só ente, a xestión da mobilidade urbana, periurbana e interurbana.

Os socialistas propoñemos a constitución dun Consorcio ou Autoridade Metropolitana de Transporte como primeiro ente metropolitano, cuxa principal misión será coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos concellos da área, reunindo baixo unha soa autoridade administrativa a responsabilidade da xestión da mobilidade por estrada de carácter urbana, periurbana e interurbana. Este ente sería o serme da futura área metropolitana e facilitaría en gran medida a súa implantación.

A cidadanía metropolitana ten todo o dereito á recibir das admsitracións os servizos de maior calidade e maior eficiencia, prestados con eficacia e xestionados de xeito transparente. Ese é o estírito que debe guiar o traballo político muncipal para chegar á meta do ben común, representada finalmente, neste caso, pola creación da Área Metropolitana da Coruña.

Por todo iso, este grupo que represento solicita ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Os Grupos Municipais do Concello de Carral acordan:


*Instar e Impulsar, ás institucións e entidades implicadas, no mardo do Plan de Transporte Metropolitano Público de Galicia, a creación dunha Autoridade Única de Transporte Metropolitano, baixo a fórmula dun consorcio presidido polo Concello da Coruña, cuxa misión será a de planificar, coordinar e xestionar o servbizo de transporte de viaxeiros na cidade e na conxunto da área metropolitana que se defina.*

*Que a alcaldía de Carral, actualmente non representada na Mesa de Alcaldes da Área Metropolitana, deixe de lado os intereses partidistas e poña por riba o interés do pobo sumándose á dita mesa.*

*A creación do Consorcio será impulsada pola Mesa de Alcaldes/sas da área metropolitana da Coruña. A estes efectos requiriralle á Xunta de Galicia a inclusión de tal previsión no Plan de Transporte Público de Galicia actualmente en tramitación, tanto para os efectos de planificación, como de integración das liñas de transporte, como a propia consideración do Consorcio como autoridade única de transporte na área metropolitana que se delimite.*

*Para os efectos do apartado anterior e no marco da delimitación da área metropolitana no Plan de Transporte Público de Galicia, o Pleno da Corporación de Carral insta á mesa de Alcaldes/sas da área Metropolitana da Coruña a estudar a inclusión no Consorcio proposto dos Concellos de Laracha, Cerceda e Carballo, se así o solicitan.*

*Esta Autoridade Única de Transporte Metropolitano integrarase, con posterioridade na estrutura da futura Área Metropolitana da Coruña, en cuxo impulso, avance e acordos para a súa tramitación este Pleno comprométese.*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

*Demandar dos concellos participantes no proxecto Vontade Metropolitana a presentación dunha análise de viabilidade económica que permita ao conxunto da cidadanía de toda a área coñecer as vantaxes e as consecuencias para os recursos públicos da constitución dun novo ente local.*

*Incluir no porceso de creación da área metropolitana aos concellos de Laracha, Carballo e Cerceda, se eles o solicitan.*


En Carral, 7 de maio de 2018

**Pablo Couto López**

**Voceiro do G.M. do PsdeG-PSOE  
A/ATT Alcalde-Presidente do Concello de Carral".**

O señor Couto López considera que a cidadanía sente que é necesaria a área metropolitana, pois a comarca está a pé entre a bisbarra e A Coruña. Explica que só existe unha área metropolitana en funcionamento en Barcelona, e que a de Vigo está a ter moitos problemas polo transporte. Así, propoñen que se impulse a área metropolitana, dando entrada nela a Cerceda, Laracha e Carballo se así o solicitan. Piden que a Alcaldía de Carral participe na mesa de Alcaldes de xeito que, na súa opinión, deixen os intereses partidistas e poñan diante os de Carral, de xeito que tamén asistan os de Abegondo, Carral e Arteixo, aínda que alguén do PP mande o contrario. Engade que propoñen tamén que se pida que o consorcio estea no Transporte Metropolitano de Galicia, e que se faga un análise da viabilidade económica.

O señor Alcalde resposta que lle pediría que deixase a moción sobre a mes, pois o que propón non é o sentir dos pobos e do PSOE de Culleredo, por exemplo. Explica que Carral participa, nalgúns casos a través da técnica de medio ambiente, María Couto, nas reunións do transporte metropolitano sobre mobilidade. Explica que Carral ten a sorte de estar integrado no Transporte Metropolitano de Galicia, no primeiro cinto da Coruña, coas vantaxes que iso supón para os usuarios aos que se bonifican as viaxes á Coruña, Santiago ou Ordes. Considera unha incongruencia que se propoña que presida o Alcalde da Coruña, cando non tivo os votos suficientes para entrar na área metropolitana, mentres en Carral aprobouse por unanimidade. Considera que debería falar co grupo socialista da Coruña e que se poñan de acordo. Reitera que el vai ás reunións e foros do Consorcio das mariñas, de acordo coa área metropolitana e co transporte metropolitano de Galicia, e cada dous ou tres meses ás que se realizan na Delegación Territorial, e que hai perfecta sintonía con Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Cerceda ou Ordes. Opina que, mentres tanto, a postura da Coruña foi dunha mera declaración con oportunismo e sen xeito. Considera que o ente que se cree debería estar presidido por quen se elixa e non polo Concello da Coruña, que ten os seus intereses en relación ao concurso do servizo de autobuses e problemas coa compañía de Tranvías. Engade que o Alcalde de Oleiros chegou a un acordo coa Xunta de Galicia para que os autobuses vaian á praia, ou que Culleredo chegou a un acordo coa Coruña e coa Xunta para que presten servizo os autobuses urbanos na Zapateira. Engade que Carral está a negociar para que paren en San Vicente algúns autobuses (o que supón dous quilómetros máis), ou para ver como establecer transporte entre o Monte Xalo, Carral e Cerceda. Explica que as competencias de transporte son da Xunta por delegación do Estado. Tamén se pregunta por que non extender a área metropolitana a Miño ou Arteixo. Reitera que os concellos están moi compenetrados en materia de transporte, mais que os buses custan moitos cartos e que non dá gusto velos baleiros, e que as Administracións teñan que subvencionalos. Considera que habería que estudar que buses habería que eliminar por non seren rendibles, e cales outros son necesarios. Reitera a súa petición de que retire a moción, pois considera que o PSOE na bisbarra non está nisto. Reitera a súa opinión de que a postura da



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Coruña foi oportunista e que, xa que as competencias son da Comunidade Autónoma, no seu caso debería copresidir esta coa Coruña, e oír a todos mellor que a unha soa persoa coma voceira. Por último, indica que queren ter os servizos que se poidan.

O señor Couto replica que non vai retirar a moción pois opina que o máis normal sería iniciar un consorcio de transportes para planificar entre todos. Engade que a metrópole da área metropolitana é A Coruña, e que non se pode facer como en Vigo, cuxo Concello non quere asumir agora as tarxetas de desconto. Opina que falárono do mesmo.

[O señor García González abandona sesión ás 13:50 horas e reincorpórase ás 13:51 horas].

O señor Alcalde pregunta como se vai impulsar presidido polo Concello da Coruña, se non apoia a área metropolitana, e engade que "non necesitamos máis chiringuitos".

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada en votación ordinaria (e en segunda votación, trala súa repetición polo empate na primeira), por seis votos en contra (dos/as seis señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e co voto de calidade do Alcalde-Presidente), fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

### 6.-ROGOS E PREGUNTAS.

#### 6.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)


- 1.- O señor Bergondo Trillo pregunta se é certo que se está a negociar coa Xunta de Galicia o establecemento dun servizo de ambulancia propio para Carral.
- 2.-O señor Bergondo Trillo pregunta se é certo que se presentaron unhas 600 alegacións ao PXOM e que a maioría "están aprobadas", e pregunta cantas son exactamentee cando se van presentar ao pobo para velas.
- 3.- Dá a idea de unirse por unha liña pública de autobús con Cambre, o que coida máis importante que con Cerceda, pois alí está o PAC.

#### 6.2.- Preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Couto López indica que fixo varias preguntas por escrito hai tempo e que non llas contestaron:

- 1.- Indica que no proxecto do Panteón non veñen os cálculos de xiros, e pregunta se existen.
- 2.- Indica que o club de BTT denunciou os danos a unha ruta de sendeirismo PGR con calificación europea, e pregunta se as reparacións as fixo o Concello ou o madeirista responsable, e se se lle executou o aval que establece a ordenanza.
- 3.- Solicita que se aumente a protección do Panteón.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### 6.3.- Preguntas da señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PsdeG-PSOE).

Manifesta que a comunidade educativa (mestres, pais, nais, monitores...) lle trasladou a necesidade de arranxar problemas de humidade no CEIP.

### 6.4.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde resposta que non está previsto negociar nada en relación á ambulancia, pois Carral está integrado no PAC de Cambre, e o centro está alí porque ten máis habitantes. Explica que, para ter un servizo propio de urxencias, Carral habería de ter un mínimo de 12.000 habitantes.

No tocante aos buses con Cerceda, explica que ambos concellos trasladaron ao Transporte Metropolitano de Galicia as súas inxerencias sobre un núcleo cunhas 280 persoas que os demandan, mais que a Xunta respostou que se trata dunha liña de interese local, e que son os concellos os que terían que afrontar os seus gastos.


Manifesta que lle gustaría que os buses chegasen ao centro de Cambre, e non só á Rocha, mais opina que, cando hai unha emerxencia, non se colle un autobús, senón que se busca a alguén que te leve ou un taxi.

No referente ao PXOM, explica que o técnico do Concello e o equipo redactor lle avanzaron que prevén propoñer a estimación dunha porcentaxe altísima das alegacións (sobre un 90%). Engade que, en canto estea terminada a proposta, farase unha reunión para que a expliquen, pois así se fixo sempre, xa que o PXOM non é para o equipo de goberno, senón para que dure uns quince ou vinte anos. Engade que no mandato pasado houbo participación dos grupos municipais, e que espera que tamén sexa así neste.

Explica que se fixeron os cálculos dos xiros do Panteón.

En relación ao BTT Carral, manifesta que os montes son moi bos e xeran riqueza, e que por algún lugar hai que sacar os eucaliptos. Engade que temos unha ordenanza estricta, con avais que non se piden, por exemplo, en Cerceda ou Ordes, mais que, ás veces, hai desaprensivos que marchan. No relativo ao PGR, explica que a empresa cumpría e que, en canto rematou os traballos, puxo en condicións o camiño, ao contrario ca outras que tentan escapar.

Indica que non hai pingueiras no Espiño, ao que a señora Blanco Fidalgo replica que falaba do CEIP, mais que no Espiño tamén hai, pegadas ás columnas. O señor Alcalde replica que é condensación, e que no Vicente otero se fixo unha actuación para ventilar a parede, cortando algunhas prantas. O señor Regueira Moar engade que está un técnico véndoo outra vez para arranxalo definitivamente. A señora Blanco pregunta se se vai pintar ao que lle respostan afirmativamente.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Ás 14 horas e 01 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de corenta e dúas páxinas numeradas do un ao corenta e dúas, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval